

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTE:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos (incorpórase no punto 31)

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día quince de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1940).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesión extraordinaria e da extraordinaria e urxente do 2 de decembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1941).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL NA RÚA QUINTELA Nº 31 COMO UNIDADE DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 38377/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 10.12.08, conformado pola xefa de Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Benestar Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de novembro de 2008 acordou adxudicar definitivamente a Feyju Galicia, S.L., a execución das obras de acondicionamento do local para as Unidades de Acción Social de Castrelos, Litoral e Coia por un prezo total de 450,000 euros, incluída a execución da totalidade das melloras relacionadas no apartado 28,4 da FEC. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno de 28 de xullo de 2008 e á oferta presentada.

Conforme ao estipulado no RD 1627/1997 de 24 de outubro (BOE nº 256 de 25 de outubro) polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción é preceptiva a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa constructora por parte do Coordinador de Seguridade e Saúde en obra e polo órgano da Administración que aprobou o proxecto.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomear ao Enxeñeiro Técnico Agrícola D. José María Cendón Álvarez (da empresa ENMACOSA) coma Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra de acondicionamento de local na rúa Quintela nº 31 como Unidade de Acción Social.

2.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria FEYJU GALICIA, S.L. para a devandita obra.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1942).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 3/2077.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Asunción Pérez Fructuoso.

4(1943).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1451/02.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Balbina Rodríguez Fernández.

5(1944).- BASES DE SELECCIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 5410/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 3.12.08, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

Antecedentes.-

A Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro do 2008, adoptou os seguintes acordos.

- *Aprobar a memoria para o desenvolvemento de accións de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local.*
- *Solicitar a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia subvención total de 94.938,43.- Euros, para a contratación por un ano de catro axentes de emprego e desenvolvemento local, dacordo co establecido na Orde de 21 de agosto do 2008.*
- *Consignar nos presupostos municipais do ano 2008, unha partida con unha contía mínima de 23.734,61 Euros, para o cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes pola cantidade solicitada.*

Duración da contratación: 1 ano.

Obxetivos:

Os obxetivos, actividades e servizos que se promoverán polo equipo de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, están fixados no apartado. B, do Plan de acción para o emprego 2007-2008, (adxúntase copia) e són os que siguen:

- 1.- Fomentar a creación de novas empresas e de iniciativas de autoemprego.*
- 2.- Aplicar a prospección de recursos ociosos para optimizar o asesoramento os emprendedores.*
- 3.- Detectar as necesidades formativas que demanda o mercado de traballo.*
- 4.- Integrar e impulsar as actividades englobadas dentro das políticas activas de emprego.*

Seguindo instrucións da Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego debido a inminente resolución na concesión da resolución de outorgamento de subvención para esta contratación, da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e coa finalidade de axilizar o proceso da contratación destes técnicos/as, se propón a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico do Servizo de Persoal e informe de fiscalización da Intervención de fondos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Tramitación anticipada das Bases de Selección de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local:

- Estas bases de selección están condicionadas a inminente resolución aprobatoria da subvención que otorgue a Consellería de Traballo e as características do seu contido, da que se deberá dar conta a Xunta de Goberno Local previo os informes de fiscalización e consignación pola intervención de fondos, servizo de persoal e calquelo outro que fóse necesario, etc, co obxecto de que se proceda a aprobación, se procede, do proceso de contratación dos ADLs subvencionados, así como a posterior publicación da convocatoria do procedemento selectivo.

Denominación do posto: Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local.

2º.- Nº de postos: O número de ADLs a contratar está condicionado a resolución aprobatoria da subvención que otorgue a Consellería de Traballo, da que se deberá dar conta a Xunta de Goberno Local.

3º.- Características das contratacións:

- A modalidade de contratación estímase oportuna a de “Obra ou Servicio Determinado”, regulada no art. 15 do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para a realización de unha obra ou prestación do servizo determinados, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e a execución do mesmo, aunque limitada no tempo é en principio de duración incierta, e tendo en conta ó disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

- O nivel retributivo será o contemplado no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, para titulado medio (modalidade Técnicos e Xestores), actualizado para ó ano 2009.

Salario: 1.871,58.-Ptas/brutas mensuales, incluída a p.p. paga extra.

-Perfil profesional.

- Funcións e tarefas que se van a desenvolver.

Ademais das xerais que figuran na Orde de 21 de agosto de 2008, que regula as axudas e subvencións para a contratación dos Axentes de Emprego, art. 3º, as actividades e servizos que se promoverán polo equipo de ADLs, figuran no aptdo. B.2 da memoria do Plan de Acción para o Emprego, levando a cabo as súas funcións propias baseándose nunha metodoloxía grupal activa que permita definir criterios de actuación, recoller datos sobre prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, analizar estudos doutros organismos e institucións, identificar novos filóns de emprego, establecer plans de coordinación entre as diferentes áreas a realizar, entrosos, organización de eventos, edición de material promocional didáctico, atención de peticións de información e asesoramento, tutoría e acompañamento de proxectos empresariais, programas de cooperación, xestión de subvencións, prospección do mercado de traballo, colaboracións con entidades, e asimismo na mesma memoria do Plan de Acción para o Emprego, no aptdo. C.2), figuran as seguintes funcións a desenvolver:

- Execución da tramitación e asesoramento para o inicio da actividade.
- Xestión das axudas necesarias para favorecer o emprego.
- Asesoramento de proxectos de autoemprego, acompañamento técnico e tarefas de apoio aos/as promotoras das empresas.
- Realización de estudos socioeconómicos no Concello de Vigo.
- Realización de entrevistas de prospección do mercado de traballo a axentes cualificados e a empresas do Concello de Vigo. Detección de necesidades e de novos filóns de emprego. Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados.
- Deseño de estratexias de colaboración con empresas da área de Vigo.
- Busca de novos emprendedores a través de charlas, visitas a empresas e a outros concellos e entidades.
- Organización e impartición de seminarios a diferentes colectivos no ámbito do autoemprego.

4º.- Procedemento de selección:

4.1.- Anunciaráse a convocatoria na prensa local.

-Aquelas persoas candidatas que xá desenvolveran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal.

-Condición dos e das aspirantes:

Imprescindible.

Titulación: Para ser seleccionados como axentes de emprego e desenvolvemento local, as persoas candidatas deberán necesariamente ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria.

4.2.-Valoración dos curriculuns. A Comisión de Selección valorará os curriculuns seguindo o baremo que a continuación se indica.

4.2.1.- Experiencia en programas de fomento da iniciativa empresarial e de promoción do emprendemento: 0,1 ptos por mes (máximo 3 ptos), sempre e cando esté relacionada coas funcións e tarefas do posto ofertado.

*4.2.2.- Formación complementaria: 0,10 ptos por cada curso de entre 20 e 49 horas; 0,20 ptos por cada curso de entre 50 e 249 horas; e 0,40 ptos por cada curso de 250 e máis horas, todos eles relacionados directamente coa actividade, funcións e tarefas do posto ofertado(máximo 2 ptos).
Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.*

*4.2.3.- Coñecementos de galego: Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,5 ptos; Linguaxe administrativa media: 0,8 ptos; Linguaxe administrativa superior: 1 pto. Outros cursos: coa mesma puntuación que no punto 4.2.2, (máximo 1 punto). (Cada nivel de Celga terá unha puntuación de 0,2 ptos).
Só se computará o de maior puntuación
Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.*

*4.2.4.- Outros méritos (coa mesma puntuación que no punto 4.2.2), informática e idiomas ata un máximo de 1 pto.
Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.*

- A Comisión de Selección proporá a puntuación mínima dos candidatos que pasarán a entrevista persoal.

4.3.- Entrevista: A entrevista persoal ante a Comisión de Selección terá unha puntuación máxima de 5 puntos que se sumarán a puntuación obtida na valoración dos curriculuns.

5.- Comisión de selección:

Terá carácter Colexiado e estará integrada por 5 membros, debendo ter todos/as eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

-Comporáse dos seguintes membros, cos suplentes correspondentes:

- Presidenta/e: O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Corresponde o/a Presidente acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendélos por causas xustificadas, asegura-lo

cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente

- Tres vocales: Funcionarias/os do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, de titulación igual ou superior a do posto ofertado.

- Secretario/a: Un funcionaria/o do Concello de Vigo, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de elaboración de actas e acordos e as que lle outorgue a lexislación vixente.

-Todas e todos os membros da Comisión de Selección establecidas nas presentes bases, deberán comparecer a título individual e tamén respetar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, por delegación do Alcalde.

Simultaneamente cos titulares designaránse aos respectivos suplentes.

Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no art. 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Admóns Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

O órgano de selección deberá respetar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto a súa composición e funcionamento así coma calqueloutra normativa legal vixente de aplicación.

6.- Documentación a entregar, PRAZO E LUGAR.

Instancia, solicitando participar no proceso de selección para Axentes de emprego e desenvolvemento local.

Currículo Vitae

Orixinal da vida laboral

Fotocopia das acreditacións da titulación e méritos, e do DNI.

Prazo: 3 días hábiles, a partir da data de publicación na prensa local.

Lugar: Rexistro xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei, s/n, dirixido ao servizo de Promoción Económica, emprego e participación cidadá, en horario de 9 a 13 horas.

Aos/ás candidatos/as con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación de fotocopias compulsadas ou cotexadas do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).

7.-NOTIFICACIÓNS

En todo caso, as comunicacións cos/as aspirantes realizaráse, mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web (<http://www.vigo.org>).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba as bases contidas no precedente informe.

6(1945).- BASES DE SELECCIÓN DUN ASESOR DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 5427/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 27.11.08, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

Proxecto de Convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidad para o Desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural” no programa “Emplea Verde 2007-2013”, firmado ó 6 de novembro do 2008.

Antecedentes.-

En execución de orde de servizo de data 15 de outubro do 2008, o Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, Santos Hector Rodriguez Diaz, solicitando a elaboración de proposta de Bases para a selección dun Asesor de Medio Ambiente, para o proxecto “Vigo Medio Natural”. (Expte. 5427/77).

A Xunta de Goberno Local do 31.03.2008, aprobou a presentación do proxecto “Vigo Medio Natural” á Fundación Biodiversidade, dentro do seu programa Empleaverde 2007-2013.(Expte. 3499/320).

Posteriormente en sesión de data 7 de outubro do 2008, adoptou os seguinte acordo.

- Proxecto de Convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidad para o Desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural” no programa “Emplea Verde 2007-2013”. (Expte. 5324/77).

- Aprobar a aceptación da sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidad para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural”, no Programa “Empleaverde 2007-2013.

- Aprobar o compromiso de financiamento polo importe total de 81.424,00.- Euros, correspondente ao 20 % do total do proxecto revisado (407.120,00 E.), conforme ao detalle seguinte:

Orzamento 2009

- 3220 1410000 contratacións “Fomento do Emprego” 40.600,00 E.

- 3220 2270600 Estudos e traballos técnicos 12.524,00 E.

Orzamento 2010

- 3200 1410000 Contratacións “Fomento do Emprego” 20.300,00 E.

- 3220 2260600 Reunións e Conferencias 8.000,=0 E.

- Conforme ao establecido no Informe de Intervención Municipal, nomear a Francisco J. Gutierrez Orúe, como interlocutor desta administración diante da Fundación Biodiversidad aos efectos establecidos no convenio.

PROGRAMA EMPLEA VERDE 2007-2013. CONVENIO DE COLABORACIÓN 2008.

FIRMA DO CONVENIO.

Ó día 6 de novembro do 2008, fírmase o devandito convenio de colaboración, sendo a entrada en vigor ó día 3 de novembro do 2008 e finalizará os 24 meses contados a partir da data da entrada en vigor, (clausula octava).

(Proxecto: Vigo Medio Natural. Formulario 2-Memoria Técnica, convenio 2008)

- Equipo de Traballo asignado o proxecto, (Aptdo. 6.2).

Persoal con vinculación laboral co Concello de Vigo: Francisco J Gutierrez Orue, Marta Alonso Posada, Julia Dopico Gómez e Ramón Fernandez Linares.

- Acciones propuestas.- (Aptdo. 7)

- 1 Curso de Educador Ambiental.*
- 1 curso de Traballador Forestal.*
- 1 curso de Monitor/a de Prácticas Deportivas en Espacios Naturales.*
- 1 curso de Prevención de Riesgos Laborales en el Sector Agroforestal.*
- Campaña “Vigo Medio Natural”*
- Estudio sobre nuevos perfiles profesionales necesarios en sector ambiental de Vigo.*
- Asesoramiento a pymes y micropymes en normativa y procesos de mejora ambiental.*
- Creación dun Observatorio sobre Empleo e Medioambiente.*
- Jornada sobor Emprego e Medio ambiente.*

Nº de persoas a contratar: 1 ASESOR EN MEDIO AMBIENTE.

Vixencia do proxecto: Dende ó 3 de novembro do 2008, data de entrada en vigor do convenio firmado polo Concello de Vigo e a Fundación Biodiversidade,finalizando 24 meses contados a partir desta data, (clausula octava).

En relación o exposto e de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, en redacción dada pola Lei 57/2003, e coa conformidade do Xefe do Servizo mailo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, se propón a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico do Servizo de Persoal e informe de fiscalización da Intervención de fondos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Bases de Selección dun -Asesor en Medio Ambiente para ó Proxecto de Convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidade para o Desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural”no programa “Emplea Verde 2007-2013”, firmado ó día 6 de novembro do 2008.

O convenio coa fundación Biodiversidad para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural”, no Programa “Empleaverde 2007-2013”, e as características do seu contido, que se adxunta ó proxecto da que se dá conta a Xunta de Goberno Local e co obxeto de que se proceda a aprobación, se procede, do proceso de contratación laboral temporal do Asesor en Medio Ambiente, así como a posterior publicación da convocatoria do procedemento selectivo.

Denominación do posto: - Asesor de Medioambiente.

2º.- Nº de postos: 1.

3º.- Características da contratación:

- A modalidade de contratación estímase oportuna a de “Obra ou Servicio Determinado”, regulada no art. 15 do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para a realización de unha obra ou prestación do servizo determinados, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e a execución do mesmo, aunque limitada no tempo é en principio de duración incierta, e tendo en conta ó disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

- *Duración da contratación: 1 ano, prorrogabel por un periodo non superior a 12 meses mais, tendo en conta o disposto no párrafo anterior, artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadeamento dos contratos laborais temporais, (polo que non poderán exceder de 24 meses nun periodo de 30, sexan ou non o mesmo contrato e para o mesmo posto de traballo).*

Asimesmo, a data do remate deste contrato, non poderá exceder do 2 de novembro do 2010, data en que remata o convenio firmado polo Concello de Vigo e a Fundación Biodiversidade, que se adxunta ó expediente, e que figura na clausula octava do mesmo.

- *O salario será o contemplado no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, para titulado medio (modalidade Técnicos e Xestores), co incremento legal que corresponda para ó ano 2009.*

4º.- Perfil profesional.

- *Funcións e tarefas que se van a desenvolver.*

Asesoramento a pymes e micropymes en normativa e procesos de mellora ambiental.

Obxetivos da acción.- Poñer en marcha un sistema de asesoramento ambiental dirixido a pymes e micropymes de Vigo, co obxecto de que se comporten de maneira responsable en cuestións ambientais, asesorar as empresas en normativa e procesos de mellora ambiental, lograr que as pymes e micropymes implementen medidas medioambientales nas súas empresas, mellorar a eficiencia enerxética e reducir a cantidade de residuos que producen as pymes e micropymes, fomentar un consumo responsable e primar as compras a provedores socialmente responsables e aquelasoutras accións a desenrollar que figuren no proxecto aprobado.

O asesoramento vai dirixido a pymes e micropymes da cidade de Vigo. Asesorarase a 50 empresas, o que supón uns 600 traballadores aproximadamente. A metodoloxía utilizada será a implementación dun servizo de asesoramento e apoio presencial. Este servizo será prestado por unha persoa experta en cuestións medioambientales que realizará un mínimo de dúas visitas a empresa asesorada..As principais cuestións a tratar en materia medioambiental serán as medidas que poden mellorar a eficiencia medioambiental das empresas como por exemplo o reciclaxe, o aforro enerxético, etc., El/la asesor/a, levará a cabo un seguemento de todo o proceso de implementación das medidas recomendadas.

5º.- Procedemento de selección:

5.1.- Anuncio da convocatoria na prensa local.

-Aquelas persoas candidatas que xá desenvolveran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal.

5.2.-Condición dos e das aspirantes:

- Titulación Universitaria: Media ou Superior en Ciencias Medio Ambiental, Enxeñaría Técnica ou Superior ou Bioloxía.

- Experiencia: Mínima de 4 anos na dirección, asesoría ou consultoría de proxectos medioambientais.

- Coñecemento de informática a nivel usuario.

- Coñecemento de idiomas: Inglés e Galego.

5.3.- Procedemento de selección:

5.3.1.- Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as:

Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo:

-Para acreditar a experiencia laboral e a formación, presentarse orixinal ou fotocopia compulsada da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

-Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas. -Non se valoran os títulos nos que non figure o número de horas.

-Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.

- Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.

- Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.

- A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración de méritos:

* Titulación (máximo 1 punto):

- Titulación superior a mínima solicitada 1,00 puntos.

*Experiencia: (0,10 puntos/mes)

Experiencia superior a mínima necesaria.

- Valorarásese só a experiencia superior ao mínimo necesario en función do perfil do posto solicitado relacionada coa xestión, consultoría e/ou dirección de proxectos mediambientais. (máximo 6 pts).

- Asimesmo en Prevención de riscos laborais como técnico superior). (máximo 2 puntos)

* Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 pts):

-Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

-Por cada curso de entre 50 e 249 hora. 0,20 puntos.

-Por cada curso de 250 horas ou máis 0,40 puntos.

-Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

-Certificado de aptitude Celga 5 ou equivalente 0,50 puntos.

-Certificado de aptitude Celga 4 ou equivalente 0,40 puntos.

Certificado de aptitude Celga 3 ou equivalente 0,30 puntos.

Certificado de aptitude Celga 2 ou equivalente 0,20 puntos.

-Certificado de aptitude Celga 1 ou equivalente 0,10 puntos.

-Outros méritos relacionados, informática ou os idiomas (máximo 1 punto):

-Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

-Por cada curso de entre 40 e 249 horas 0,20 puntos.

-Por cada curso de 250 horas ou máis

0,40 puntos.

Os cursos que non especifiquen ó número de horas non serán valorados.

5.3.2.- Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

-A Comisión de Selección, decidirá cal é a puntuación mínima dos aspirantes que accedan a entrevista e realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumará á puntuación obtida na valoración dos méritos.

6.- Comisión de selección:

Terá carácter colexiado e estará integrada por 3 membros, debendo ter todos/as eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, podendo acordar o nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

-Comporáse dos seguintes membros, cos suplentes correspondentes:

- *Presidenta/e*: O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Corresponde o/a Presidente acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendélos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente

- *Un vocal*: Funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, de titulación igual ou superior a do posto ofertado.

- *Secretario/a*: Un funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de elaboración de actas e acordos e as que lle outorgue a lexislación vixente.

-Todas e todos os membros da Comisión de Selección establecidas nas presentes bases, deberán comparecer a título individual e tamén respetar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, por delegación do Alcalde.

Simultaneamente cos titulares designaránse aos respectivos suplentes.

Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no art. 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Admóns Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

7.- Presentación de solicitudes:

-Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.

-Prazo: 3 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.

-Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

-Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.

Documentación: Xunto coa instancia achegarase, fotocopia do D.N.I., vida laboral e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para o posto de traballo.

IMPORTANTE: O requisito para contratar será comprobado por esta Administración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores, en canto a prohibición legal do encadenamento dos contratos laborais temporales, sendo excluídos do proceso de selección aqueles aspirantes que non cumplan dito requisito.

NOTIFICACIÓNS

En todo caso, as comunicacións cos/as aspirantes realizarase, mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web (<http://www.vigo.org>).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba as bases contidas no precedente informe.

7(1946).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A AQUALIA FCC VIGO UTE PARA A CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS CORRESPONDENTES Á DIRECCIÓN DE OBRA E AS REFERIDAS Á COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DOS PROXECTOS ADXUDICADOS POR ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE 23.06.08. EXPTE. 56668/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 3.12.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

A entidade concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 01/10/2008 (documento nº 80120563) interesa desta Administración Municipal a preceptiva autorización para a contratación dos traballos correspondentes á Dirección de Obra e as referidas á coordinación de Seguridade e Saúde dos proxectos que se lle adxudicaron segundo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23/07/2008.

De conformidade co acordo do órgano municipal devandito, autorízouse á entidade concesionaria do servizo a execución de obras dos diferentes proxectos, en materia de infraestrutura de abastecemento e saneamento de auga, por un importe total de 459.441,96€ segundo as actuacións inversoras que a continuación cítanse e en consonancia cos orzamentos de contrata que se indican en casa caso.

PROXECTO	ORZAMENTO DE CONTRATA
– Sectorización da Rede de Abastecemento de Vigo, Modelización en detalle da rede de distribución e verificación da factibilidade da sectorización.(Expte. 734/443)	194,697,23€
– Renovación rede Saneamento e Pluviais rúa Vázquez Varela (Expte. 730/443)	79,036,11€
– Selado de xuntas no colector de Marxe de Ría (Expte. 101257/140)	28,000,00€
– Obras de Saneamento e Abastecemento da Estrada N-555 (Tramo Carballal-San Esteban de Negros) (Expte. 101258/140)	157,708,62€

O dispositivo nº 5 do acordo adoptado pola X.G.L. (23/06/2008) establece: “Por en coñecemento da entidade concesionaria a obriga de presentar, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo máximo de dez días, contados a partir do de notificación do acordo, un plan de traballo no que se especifique a duración das obras, as medidas adoptadas para o seu seguimento, dirección e control, que incluírán os proxectos arqueolóxicos, no seu caso, os estudos de seguridade e saúde laboral e, tódolos requisitos técnicos esixibles na vixente lexislación que lle sexa de aplicación”.

En cumprimento da citada previsión a entidade concesionaria somete a consideración desta Administración Municipal o orzamento presentado pola entidade ESINPRO, S.L. relativo ós honorarios facultativos correspondientes á Dirección de Obra e a coordinación de Seguridade e Saúde dos proxectos obxecto do presente informe, segundo un importe total de 9.652,43€ (IVE excluído), cun incremento do 11%, en concepto de gastos xerais e beneficio industrial, nos mestos termos nos que se efectuou a oferta económica do concurso convocado para o outorgamento da concesión administrativa do servizo.

No referente ó orzamento ofertado nada ten que obxectar esta xefatura, toda vez que as porcentaxes de honorarios adecúanse ós aplicados habitualmente nas obras de humanización dos proxectos promovidos por esta Administración Municipal, a tenor do informe da Xefatura de Área de Servizos Xerais, de data 21/11/2008.

No obstante o anterior o informante entende que debe pronunciarse expresamente sobre a pretensión da entidade concesionaria, consistente en trasladar o orzamento dos honorarios contratados un incremento do 11%, por entender que non é procedente modificar os honorarios comprometidos coa consultoría técnica, o deducirse éstos de pactos libremente acadados entre o técnico facultativo e a entidade concesionaria, sen imposición algunha desta Administración Municipal polo que respecta ó precio resultante da contratación.

En consideración ó que antecede esta xefatura propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

1.- Autorizar á entidade concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE a contratación coa consultora ESINPRO, S.L. dos traballos inherentes á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde dos proxectos adxudicados a citada concesionaria, en virtude de acordo adoptado pola X.G.L. en sesión de data 23/06/2008, dacordo cos seguintes importes:

Dirección de Obra	7.722,00€
Coordinación de Seguridade e Saúde	<u>1.930,43€</u>
TOTAL	9.652,43€

2.- Recoñecer á entidade concesionaria do servizo o dereito á recuperación do gasto comprometido e a súa financiación nos mesmo termos que os establecidos no modelo de recuperación que rexe para a amortización de outras actuacións en materia de infraestrutura de abastecemento e saneamento.

3.- A repercusión na taxa ós usuarios do servizo, ós efectos de conseguir a recuperación de inversións a que se refire o punto precedente, levarase a efectos a partir da aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora que rexerá a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1947).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 75607/210.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

9(1948).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á ESCOLA DE TEMPO LIBRE “XARUMA” CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DUN MAGOSTO O DÍA 9.11.08. EXPTE. 75656/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 1.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 28 de outubro de 2008 , pola Escola de tempo libre “Xaruma” , co CIF G: 36817385 , por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun magosto o día 09 de novembro de 2008 , por non producirse danos na vía pública.

10(1949).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE NOVEMBRO DE 2008. EXPTE. 774/334.

Mediante providencia da concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento da base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dáse conta á Xunta de Goberno local do expedientes de gasto menor tramitado polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de novembro de 2008, que é o seguinte:

Expediente	772/334. Promoción do galego no comercio
Decreto concelleira	data 28 de novembro de 2008
Informe Intervención	RC 66613
Adxudicatario	Editorial Gárgola, S.L.
Importe	11.020,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1950).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE GALERÍA DE TIRO NAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33785/212.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X.Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Cardeñoso, S.L. a execución das obras de construción de galería de tiro nas dependencias da Policía Local.(Expte 33785-212) por un prezo total de 139,984 euros e cun incremento do prazo de garantía en 8 anos. Todo o anterior de acordo co

proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

12(1951).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SUBMINISTRO DE DOTACIÓNS PARA A MODERNIZACIÓN DOS VEHÍCULOS PATRULLA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 3471/113.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X.Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º(1951).- Adxudicar provisionalmente a Imatia Innovation, S.L. a execución da subministración de dotacións para a modernización dos vehículos patrulla da Policía Local. (Expte 3471-113) por un prezo total de 68.016 euros polo subministro de 35 equipos portátiles e 35 equipos GPS e as aplicacións de acceso a Bases de datos municipais e seguimento de flotas e a instalación dos equipos nos vehículos. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.11.2008 e a oferta presentada.

2º(1951).- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

13(1952).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SUBMINISTRO DE CONDUTOR ELÉCTRICO PARA SUBSTITUCIÓN DO QUE SE ATOPA DETERIORADO. EXPTE. 12709/444.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X.Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Miguel Pascual Sociedad Cooperativa. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de e condutor eléctrico.(Expte 12709/444) por un prezo de 44.323,60 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas

administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

14(1953).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE MELLORA DA ILUMINACIÓN DA ESTRADA VELLA DE MADRID. EXPTE. 12409/444.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X.Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Sielvigo, S.L. o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de mellora da iluminación da estrada vella de Madrid..(Expte 12409-444). por un prezo respectivo de 66.500 euros. Un prazo de garantía de tres anos para toda a instalación, reduce o prazo de execución en 35 días e propón a execución das seguintes melloras:

- Uso de lámpdas de tipo Long Life, co dobre de vida útil que as convencionais.
- Elécción do cor das luminarias.
- Uso de cable de aluminio de 3x16+54,6 mm
- Informe de inspección final de obra con utilización de cámara termográfica.

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

15(1954).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE ADQUISICIÓN DE SOPORTES DE ALUMEADO PARA SUBSTITUCIÓN DOS QUE SE ATOPAN DETERIORADOS. EXPTE. 12710/444.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X.Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Imesapi, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de soportes para alumeados.(Expte 12710/444) por un prezo de 36.250 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).

- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

16(1955).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE ADQUISICIÓN DE LUMINARIAS E LÁMPADAS PARA SUBSTITUCIÓN DAS QUE SE ATOPAN DETERIORADAS. EXPTE. 12711/444.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da xefa de fiscalización e o interventor xeral, e vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 3.12.08, modificada polo acordo da X. Goberno local do 5.12.08 que declara a urxencia na tramitación deste expediente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Dielectro Industrial, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de luminarias e lampadas para a substitución das que se atopan deterioradas.(Expte 12711/444) por un prezo de 50.866 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.11.2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

17(1956).- ALLEAMENTO DE 56 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2479/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. O alleamento de 56 vehículos para chatarra (expte 2479-241) por importe de 4.600 euros e a chatarra depositada no Parque Central de Servizos (Vehículo PO-6904-BL Citroen Xsara, máquina de cadeas FL10B, rodillo Lebrero AV, 20.000 kgs. de chatarra diversa de ferro, 1.000 kgs. de retales de cable de cobre illado e 500 kgs. de retales de cable de aluminio por un importe de 4.550 euros.

18(1957).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE AMPLIACIÓN, SUBSTITUCIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 18503/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 28.10.08, conformada polo concelleiro de Patrimonio, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Esteban Marsillach Daunis, en representación da empresa UTE Esycsa- Etra, adjudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestacións de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para a anualidade 2008/2009.

O fundamento da petición da revisión do prezo contractual aparece recollida na cláusula v do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e no mesmo recollese a posibilidade de realizar a mesma unha vez transcurra un ano do prazo contractual, e realizárase pola aplicación o prezo de adjudicación da variación do índice de prezos o consumo da anualidade inmediata anterior o prezo obxecto de revisión.

ANTECEDENTES

O contrato do servizo de subministro, mantemento e conservación da rede viaria foi adjudicado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 28 de abril de 2003, firmandose o contrato en documento administrativo o 25 de xuño de 2003, por un prezo contractual de 1.915.329,33 euros/ano, descompoñéndose o prezo contractual nos seguintes importes :

Mantemento, conservación e reparación: 1.258.657,50 euros.

Subministro e instalación para a renovación de equipos e instalacións según plan establecido no prego de precripcións técnicas: 465.262,50 euros.

Remodelación e ampliación de instalacións por importe fixo de 150.253,00 euros.

Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de precripcións xurídicas, económicas e administrativas, polo importe de 41.156,33 euros.

Na Xunta de goberno Local de 26 de agosto de 2008, foi aprobada a revisión de prezos do mencionado contrato, recolléndose no apartado segundo do acordo o seguinte:

“O prezo revisado do contrato, para anualidade xulio 2007/2008, a aplicar a partir do 1 de xulio de 2007, é de 2.275.531,62 euros, e os seguintes importes parciais:

- Mantemento conservación e reparación: 1.423.422,96 euros.*
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcións técnicas: 526.167,90 euros.*
- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 169.921,93 euros.*
- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 46.543,87 euros.*
- Mantemento de novos tuneles: 109.474,96 euros”.*

CALCULO DA REVISION:

Para a revisión da anualidade xulio 2008/2009, a aplicar a partir do 1 de xulio de 2008, deberaselle aplicar o prezo fixado para o periodo xulio 2007/2008, 2.275.531,62 euros/ano, o incremento do Ipc do periodo xuño 2007/2008, que según datos facilitados polo INE foi de 5,0%, resultando un prezo total revisado para o periodo de: 2.389.308,20 euros, e os seguintes importes parciais:

- Mantemento conservación e reparación: 1.494.594,11 euros/ano.
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalación según o establecido no prego de prescricións técnicas: 552.476,29 euros/ano.
- Remodelación e ampliación de instalacións : 178.418,03 euros.
- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 48.871,06 euros/ano.
- Mantemento de novos tuneles: 114.948,71 euros/ano.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, subministración, instalación e explotación das instalacións da rede semaforica, adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo (28/04/2003) a empresa UTE Esysca- Etra, nos importes seguintes:

"O prezo do contrato a partir do 1 de xulio de 2008, quedará establecido na cantidade de 2.389.308,20 euros/ano, e os seguintes importes parciais:

- Mantemento conservación e reparación: 1.494.594,11 euros.
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcións técnicas: 552.476,29 euros.
- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 178.418,03 euros.
- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 48.871,06 euros.
- Mantemento de novos tuneles: 114.948,71 euros".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1958).- PROCEDIMIENTO DE REGULARIZACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 18532/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.11.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Ordenanza Municipal, de 29 de maio de 2006, Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos (OM).

ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- O pleno do concello de Vigo aprobou en data 29 de maio de 2006 a Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, que foi publicada no BOP de 2 de novembro de 2006, e entrou en vigor ós seis meses de dita data de publicación, co obxecto de acadar unha regularización e ordenación do aproveitamento privativo das vías públicas ou espazos de uso público municipais mediante a instalación de quioscos dun xeito xeral e homoxéneo, cos requisitos, condicións e termos xerais que nela se establecen, tendo como obxecto as autorizacións no réxime de concesión administrativa, para o exercicio das actividades de venta de diarios, revistas, publicacións periódicas e lambetadas.

Segundo.- A partir dos datos e documentación que consta na unidade de patrimonio referente a ocupación do dominio público mediante a instalación de quioscos e a información facilitada pola Policía Local sobre a actual ocupación existente, procedeuse o inicio dos procedementos de regularización e opción previstos na ordenanza municipal (acumulados nun único procedemento por resolución de 21 de novembro 2008), e o efecto xirouse notificación os titulares e demais ocupantes dos quioscos instalados comunicándolles a aprobación da ordenanza e outorgando prazo para o exercicio do dereito de opción ou para a aportación daquela documentación acreditativa da concorrencia dos presupostos esixidos para a súa regularización, segundo correspondera.

Terceiro.- Neste senso, solicitouse documentación a quen concorría no ámbito de aplicación da Disposición Adicional Primeira da Ordenanza, que dispoñe que os titulares de concesións e autorizacións vixentes a súa entrada en vigor, poderán optar por someterse ó seu réxime ou ben continuar sometidos ó réxime fixado no seu título.

Así mesmo, requiriuse documentación, ós titulares de quioscos que dispoñían de autorización municipal en precario ou provisional ou que se atopaban tacitamente prorrogadas (Disposición Adicional Terceira), e igualmente naqueles casos previstos na Disposición Transitoria Segunda, que establece requisitos de regulación da situación daquelas persoas que non tendo a condición de titulares de concesión ou autorización administrativa para a instalación do quiosco, o veñan rexentando cunha antigüidade de dous anos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

PRIMEIRO.- A instalación de quioscos nas vías públicas municipais considéranse un uso privativo dunha porción do dominio público municipal por canto, e de conformidade co disposto no artigo 75.2º do RBEL, limita ou exclúe a súa utilización polos demais interesados.

A Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos aprobado polo pleno do Concello de Vigo en data 29 de maio de 2006 e publicado no BOP de 2 de novembro do mesmo ano, segundo a súa Exposición de Motivos, é a manifestación da potestade normativa que no ámbito das súas competencias teñen atribuídos os municipios na tutela e xestión dos bens públicos da súa titularidade, como instrumento máis axeitado para acadar unha regularización e ordenación do aproveitamento privativo das vías públicas municipais cun réxime xurídico xeral e uniforme, tanto para as concesións demaniais que se outorguen trala súa entrada en vigor, como na medida do posible das xa outorgadas con anterioridade.

SEGUNDO.- Neste contexto normativo, a teor do disposto nas disposicións adicionais e transitorias da Ordenanza, pódese diferenciar as seguintes situacións en relación os quioscos instalados na vía pública :

I.- Autorizacións ou concesións administrativas vixentes: A DA1ª da Ordenanza establece no seu número 1 que os titulares de concesións ou autorizacións de quioscos vixentes á entrada en vigor de esta ordenanza, poderán optar por someterse ó réxime da mesma, en cuxo caso manterase o prazo concesional previsto na adxudicación ou ben continuar sometido o réxime fixado no seu título.

No seu número 2 di que, caso de optar polo sometemento á Ordenanza deberá proceder a substituír o quiosco polo modelo que aprobe a Administración municipal no prazo dun ano dende o seu requirimento, e no seu número 3 que se os titulares optasen por continuar sometidos ó réxime da concesión vixente ata o seu fin, a Administración reservárase a facultade de proceder á substitución do quiosco polo modelo aprobado, sen custo ningún para o concesionario, caso en que os dereitos de explotación dos espazos do mesmo reservados a publicidade corresponderán a esta Administración, sempre que non se alcance un acordo entre o titular e o Concello para a substitución.

II.- Autorizacións municipais en precario ou provisionais ou que se atopen tacitamente prorrogadas:

Distínguense dous supostos:

A). Titular da autorización municipal: Respecto a este suposto a DA.3ª sinala que os titulares de quioscos que dispoñan de autorización municipal en precario ou provisionalmente ou que se atopen tacitamente prorrogadas rexeranse pola presente ordenanza a partir da súa entrada en vigor, séndolles de aplicación o prazo fixado na disposición adicional primeira para a instalación do novo modelo de quiosco.

Condiciónase a acreditación polo titular de atoparse ó corrente no pagamento do canon concesional, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da ordenanza, resultando en caso contrario, automaticamente extinguida as autorizacións municipais outorgadas, tendo que proceder no prazo dun mes dende que se requira o efecto, a retirada do quiosco e reposición do dominio público ocupado ó seu estado orixinal. (DT1ª).

B). Non titular da autorización municipal: A DT2ª establece o deber de regularizar a súa situación, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da ordenanza, as persoas que non tendo a condición de titulares da concesión ou autorización administrativa para a instalación do quiosco, o veñan rexentando cunha antigüidade de dous anos e reúnan os seguintes requisitos:

- Se trate de concesións ou autorizacións administrativas en precario, provisionais ou tacitamente prorrogadas.
- Acrediten a autorización do titular ou a adquisición dos dereitos de explotación ou xestión do quiosco, mediante transmisión en negocio xurídico inter vivos ou mortis causa.
- Estar ó corrente do pagamento do canon correspondente.
- Acreditar a posesión dos requisitos de capacidade para ser autorización dun quiosco previsto no artigo 12º.

Unha vez regularizada a situación do titular do quiosco, a autorización rexerase pola ordenanza.

III.- Sen autorización ou concesión administrativa: Naqueles casos nos que a ocupación do dominio público non proceda dunha autorización administrativa, seralle de aplicación o exercicio das facultades e prerrogativas administrativas previstas no ordenamento xurídico para a defensa e protección dos patrimonios públicos (art. 41 da LPAP).

TERCEIRO.- A teor do exposto, tralo análise das solicitudes e documentación achegada polos interesados, e na aplicación do disposto na ordenanza municipal e demais normativa reguladora do patrimonio das administracións públicas, resulta o seguinte:

1.- Optou por someterse ó réxime da Ordenanza reguladora, consonte o previsto na DA1ª, D. Pablo Beiro Diz (exp. 17988/240), titular de concesión administrativa por acordo do Pleno do Concello de 26 de abril de 1983, para explotación do Quiosco situado na rúa Cesareo Vázquez número 128 en Vigo, polo que pasará a rexerse por dita O.M., a salvo ó prazo concesional que manterá o previsto na adxudicación do quiosco, e terá que substituír este polo modelo que aprobe a Administración municipal, no prazo dun ano dende que así se lle requira.

2.- Resulta regularizable a situación das seguintes persoas, non titulares de autorización, que na actualidade rexentan o quiosco, ó acreditar a concorrencia dos requisitos previstos pola Disposición transitoria Segunda da Ordenanza municipal, rexéndose por dita ordenanza, a partir do outorgamento da correspondente autorización:

- Da. María Pilar Veloso Veloso (exp. 17998/240), como titular do quiosco situado na terraza do Centro comercial Camelias.
- Da. Dominga Baquero Alonso (exp. 17981/240), como titular do quiosco situado na rúa Marín- rúa Rocío.
- Da. María Victoria del Río Díaz (exp. 17979/240), como titular do quiosco situado na rúa Baiona, s./n.
- Da. María del Carmen Nesta Lago (exp. 17983/240), como titular do quiosco situado na rúa Bueu – rúa Redondela.
- D. Juan Carlos Mora Herreros (exp. 17966/240), como titular do quiosco situado na rúa Vilagarcía – rúa O Grove.
- D. Gabriel Mora Herreros (exp. 17984/240), como titular do quiosco situado na rúa Redondela.

Deberase constituír, pola persoa que resulte autorizada trala regularización, unha garantía definitiva polo importe que no seu caso resulte do 3% do valor do dominio público ocupado, que poderá ser obxecto de revisión, no momento da instalación do novo modelo de quiosco, incrementando a súa contía nese porcentaxe en función do presuposto das obras de instalación.

3.- Nos seguintes quioscos non é de aplicación o proceso de regularización, polos motivos que se sinalan en cada caso:

- D. David Varela Fontan (Exp. 17987/240. Quiosco da Avda. Alcalde Gregorio Espino-Genaro de la Fuente): Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexe a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.
- Da. Florinda Fernandez Caballero (Exp. 17967/240. Quiosco na Alameda Suarez Llanos. Bouzas): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM.
- Da. Manuela Lorenzo Fernandez (Exp. 17963/240. Quiosco rúa Padre Feijoo-Pizarro): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM.
- Da. Ascensión Baillo Llarbona (Exp. 17991/240. Quiosco Rúa Arenal fronte o Rectorado): En función o seu obxecto (venta de cebo), non entra no ámbito de aplicación da OM.
- Da. Palmira da Costa Crespo e Justo Luis Perez Castro (Exp. 17960/240. Quiosco no Parque infantil do Castro): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM.
- Da. Gladys Pereira Alonso. (Exp. 17989/240. Quiosco na Avda. Gran Via nº 132): Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexe a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.
- Da. Mª Luisa Lorenzo Pego (Exp. 18121/240. Quiosco na Avda. de Galicia): Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexe a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.
- D. Leandro M. Chamorro Iglesias (Exp. 17965/240. Quiosco na Rúa Pescadores- Tomás Alonso): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM.

4.- Outros supostos:

- *D. Juan Francisco Rivas Alonso (Quiosco na Pza. Santa Rita): Segundo resulta do expediente de regularización nº 17.976/240 tramitado, o titular da concesión administrativa (D. Juan Francisco Rivas Alonso), outorgada polo pleno municipal ó 7.03.1983, faleceu no presente ano.*

Considerando que a cláusula XV.11 do prego de condicións pola que se rexe, establece como causa de resolución da concesión “Por fallecimiento del titular de la concesión si no se produjese transmisión de la misma con arreglo a lo dispuesto en la base XII.”, procede acordar a declaración de resolución da concesión administrativa outorgada pola concorrencia de dita causa e consonte o disposto no devandito prego de condicións.

- *Da. Rosario Perálvarez Montoro (Quiosco na Avda. Garcia Barbón nº 22): Segundo resulta do expediente de regularización nº 17.977/240 tramitado, non atopase ó corrente no pagamento do canon concesional (informe do Tesoureiro de 6.11.2008). Conseqüentemente, de acordo co disposto na DT 1ª.,”resultarán automaticamente extinguidas as autorizacións municipais outorgadas en precario ou provisionalmente para a instalación de quioscos na vía pública, cuxos titulares non estean ó corrente no pagamento do canon, debendo procederse a retirar o quiosco e a reposición do dominio público ocupado ó seu estado orixinal, no prazo dun mes dende a notificación do requirimento efectuado por esta Administración.”,procede no presente caso iniciar o procedemento de declaración da extinción da autorización municipal outorgada.*

CUARTO.- O artigo 84 da LPAP establece no seu número 1 que ninguén pode, ser título que autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilzalos de xeito que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponden a todos. Así mesmo dispoñe no seu número 2 a obriga das autoridades responsables da tutela e defensa do dominio público de vixiar o cumprimento do anterior, actuando contra quen, carecendo de título, ocupe bens de dominio público ou se beneficie dun aproveitamento especial sobre eles, a cuxo fin exercitarán as facultades e prerrogativas previstas no artigo 41 da citada lei.

De conformidade co anterior, e co disposto na Ordenanza reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos do Concello de Vigo, aprobada polo pleno en sesión de 29 maio de 2006, os titulares de quioscos dedicados ás actividades de venda de diarios, revistas, publicacións periódicas en xeral e lambetadas, que se atopen no termo municipal de Vigo sen autorización ou concesión e que non foran regularizados por este acordo están obrigados a retirar ditos quioscos das vías públicas municipais repoñendo, se así fose necesario, os desperfectos que pola súa instalación e uso puidesen ocasionarse na propiedade municipal.

QUINTO.- Consonte ó disposto no artigo 4 e 5 da LRBRL, art. 28 da LPAP, e art. 270 da LALG, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio, recoñecendo a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAP, art. 82 da LRBRL, e art. 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

Resulta polo tanto pertinente, formular requirimento para que se proceda a retirada dos quioscos e reposición o seu estado orixinal do dominio público ocupado, nos supostos anteriores en que se carece de título municipal que lexitime dita ocupación. Con apercibimento, no caso de incumprimento, do exercicio das accións e facultades que o ordenamento xurídico outorgalle as administracións públicas na protección e defensa do seu patrimonio.

SEXTO.- De conformidade co disposto no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, e na DA 2ª.3 da LCSP, resulta competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Declarar exercido por Don Pablo Beiro Diz, titular de concesión administrativa por acordo do Pleno do Concello de 7 de marzo de 1983, para a explotación do quiosco situado na rúa Cesareo Vázquez número 128, o dereito de opción previsto na disposición adicional primeira da Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal coa instalación de quioscos, séndolle de aplicación esta a partir do presente acordo, salvo o prazo concesional que manterá o inicial previsto no acordo de adxudicación.

Segundo.- Regularizar a situación das seguintes persoas que rexentan quioscos instalados na vía pública, ó resultar acreditada a concorrencia dos requisitos previstos pola Disposición transitoria Segunda da Ordenanza municipal reguladora da ocupación de dominio público mediante a instalación de quioscos, outorgándolles a correspondente autorización administrativa que se rexerá polo disposto na devandita ordenanza reguladora:

- *Da. María Pilar Veloso Veloso, como titular do quiosco situado na terraza do Centro comercial Camelias.*
- *Da. Dominga Baquero Alonso, como titular do quiosco situado na rúa Marín- rúa Rocío.*
- *Da. María Victoria del Río Díaz, como titular do quiosco situado na rúa Baiona, s./n. .*
- *Da. María del Carmen Nesta Lago, como titular do quiosco situado na rúa Bueu – rúa Redondela.*
- *D. Juan Carlos Mora Herreros, como titular do quiosco situado na rúa Vilagarcía – rúa O Grove.*
- *D. Gabriel Mora Herreros, como titular do quiosco situado na rúa Redondela.*

A Autorización formalizarase en documento administrativo no prazo dos 10 días hábiles a partir do seguinte a da notificación da presente, e previa constitución da garantía definitiva polo importe correspondente, salvo que xa estivera constituída.

Terceiro.- Desestimar as seguintes solicitudes de regularización, polos motivos que en cada caso se sinala:

- *D. David Varela Fontan (Quiosco da Avda. Alcalde Gregorio Espino-Genaro de la Fuente): Non é de aplicación o réxime da DT2ª da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexerá a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.*
- *Da. Florinda Fernandez Caballero (Quiosco na Alameda Suarez Llanos. Bouzas): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o rexime da DT2ª da OM.*
- *Da. Manuela Lorenzo Fernandez (Quiosco rúa Padre Feijoo-Pizarro): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o rexime da DT2ª da OM.*
- *Da. Ascensión Baillo Llarbona (Quiosco Rúa Arenal fronte o Rectorado): En función o seu obxecto (venta de cebo), non entra no ámbito de aplicación da OM.*
- *Da. Palmira da Costa Crespo e Justo Luis Perez Castro (Quiosco no Parque infantil do Castro): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o rexime da DT2ª da OM.*
- *Da. Gladys Pereira Alonso. (Quiosco na Avda. Gran Vía nº 132): Non é de aplicación o rexime da DT2ª da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexerá a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.*

- *Da. M^a Luisa Lorenzo Pego (Quiosco na Avda. de Galicia): Non é de aplicación o rexinme da DT2^a da OM. A transmisión regularase consonte o previsto no prego de condicións pola que se rexe a concesión administrativa (acordo plenario de 7.03.1983) da que trae causa.*
- *D. Leandro M. Chamorro Iglesias (Quiosco na Rúa Pescadores-Tomás Alonso): Carece de título de ocupación. Non é de aplicación o réxime da DT2^a da OM.*

Cuarto.- Iniciar procedemento para a declaración de extinción da autorización administrativa outorgada a Da. Rosario Perálvarez Montoro (Quiosco na Avda. Garcia Barbón nº 22) ó non atoparse ó corrente no pagamento do canon concesional, consonte o disposto na DT 1^a da Ordenanza municipal reguladora da ocupación de dominio público mediante a instalación de quioscos.

Durante o prazo de quince días, a contar dende o seguinte a da notificación do presente acordo, poderá a interesada ter vista do expediente e formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.

Quinto.- Declarar resolta a concesión administrativa outorgada polo Pleno Municipal en data 7.03.1983, polo falecemento do seu titular, D. Juan Francisco Rivas Alonso (Quiosco na Pza. Santa Rita), de acordo co disposto na base XII. do Prego de condicións administrativas pola que se rexe.

Sexto- Requirir a: Da. Florinda Fernandez Caballero (Quiosco na Alameda Suarez Llanos. Bouzas); Da. Manuela Lorenzo Fernandez (Quiosco rúa Padre Feijoo-Pizarro); D. Leandro M. Chamorro Iglesias (Quiosco na Rúa Pescadores-Tomás Alonso); e Da. Palmira da Costa Crespo e Justo Luis Perez Castro (Quiosco no Parque infantil do Castro), para que no prazo dun mes dende a notificación do presente acordo, procedan a retirada do quiosco da vía pública, repoñendo esta o seu estado orixinal, con apercibimento, noutro caso, do exercicio das accións e facultades que o ordenamento xurídico outorga as administracións públicas na protección e defensa do seu patrimonio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1959).- RECOÑECIMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 264.992,6 € A FAVOR DE LINORSA POLO SERVIZO DE LIMPEZA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENZAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18487/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 30.10.08, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, por Resolución da Alcaldía de 30 de decembro de 2002, acordou adxudicar o servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, á empresa “Limpezas del Noroeste, S.A.”- LINORSA-, por un prezo contractual de 957.374,84 euros/ano, e un prazo de dous anos, con posibilidade de prorroga por dous anos mais, mediante acordo expreso do Organo de Contratación.

O prazo da contratación ó que se refire o parágrafo anterior, tal como estaba estipulado no prego de condicións que rexeu o concurso convocado para a adxudicación, finalizou o 31 de decembro de 2006, e o feito que á data actual, non esté adxudicado un novo concurso para a prestación do servizo de limpeza en distintas dependencias municipais, incluído o edificio da Casa do Concello, fai que sexa necesario indemnizar á empresa polos servizos prestados.

Dado o tipo de servizo de que se trata, requireuse ó adxudicatario do servizo, para que continuase coa prestación deste, ata que se adxudique o novo expediente de contratación que se está tramitando.

A empresa adjudicataria manifestou a conformidade á continuación do dito servizo, nas mesmas condicións que ata data se estaba realizando, incluíndo a posibilidade de revisión de prezos tal como se recollía na contratación inicial concertada coa empresa.

O importe facturado considerase adecuado, xa que, o cálculo deste, foi efectuado en base os mesmos criterios, e correspondense cos vixentes no contrato do servizo de limpeza de dependencias do Concello de Vigo coa empresa Linorsa.

O importe deste expediente de recoñecemento de debeda, corresponde ó adeudado á empresa perante os meses de agosto a setembro, ambos incluídos, mais o importe correspondente a limpeza dos meses de maio e xuño nos vestuarios de Castrelos (servizo de limpeza que non estaba incluído no expediente inicial de contratación do servizo), así como a factura nº 86271 do mes de outubro, correspondente a limpeza extraordinaria no parque de Bomberos, motivada por unha plaga de insectos..

O importe facturado mensualmente pola limpeza dos distintos centros, unha vez actualizado é o seguinte:

- Limpeza Casa do Concello 118.481,24 euros.*
- Limpeza edificio rúa areal 36/Oporto 9.513,04 euros.*
- Limp. Programa pto. Xove 546,44 euros.*
- U.B.A.S. Teis 327,56 euros.*
- Programa empece 1.112,47 euros.*
- Limpeza en vestuarios de Castrelos 487,84 euros.*
- Aumento do servizo de limpeza en Parque Movil 895,89 euros.*

Inclúese tamén neste expediente de crédito, a facturación de diversos traballos extraordinarios realizados en distintos centros municipais.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, co fin de aboar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, a cantidade adeudada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de indemnizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, en concepto de indemnización substitutiva, pola prestación do servizo de limpeza na Casa do Concello e outras dependencias municipais, 264.992,26 euros ive engadido.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 264.992,26 euros, ive engadido, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1960).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE COBRAMENTO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 18405/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

22(1961).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE CONTEDORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18504/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 30.10.08, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio e Contratación, pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa UTE Contenur- Otto, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 80129460, solicita, como adxudicatario do contrato de servizo de “instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras dentro de termo municipal de Vigo”, a revisión de prezos do mesmo, para a anualidade outubro de 2008/setembro 2009.

A revisión de prezos solicitada, está prevista no prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, na cláusula VI deste, recollese os supostos que darían lugar á mesma, manifesta textualmente:

A) revisión Ordinaria:

1a) A revisión do prezo do contrato terá carácter anual.

1b) A revisión Ordinaria do contrato efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos o Consumo no conxunto Nacional), en cada periodo anual contractual, a partir da data que proceda segundo precepto citado.

A vista do cal, a revisión ordinaria, para a anualidade solicitada, outubro 2008/ setembro 2009, sería o resultado de aplicar ó prezo actualmente vixente do contrato, o IPC da anualidade anterior (setembro2007/setembro2008), que segundo datos facilitados polo INE foi do 4,5%.

O prezo que actualmente está vixente, foi aprobado pola Xunta Local de Goberno de data 27 de decembro de 2007, fixándose na mesma o prezo contractual, dende o 30 setembro 2007/ 2008 na cantidade de 2.384.142,69 euros/ano.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de abril de 2008, acordou arobar a 2º revisión do prezo do contrato por importe de 150.223,15 euros, polo que o prezo contractual quedou establecido na cantidade de 2.534.365,84 euros/ano.

O prezo revisado, a vista do anterior, para a anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2008 e 30 de setembro de 2009, será o resultado de aplicar ó mesmo o incremento do IPC setembro 2007/2008 (4,5%), do que resulta: 2.534.365,84 X 1,045 = 2.648.412,30 euros/ano.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno local deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do termo municipal de Vigo, adxudicado a empresa UTE Contenur- Otto por acordo do pleno do Concello de Vigo, de 29 de xullo de 2002, fixando o mesmo, para anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro de 2009, na cantidade de 2.648.412,30 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1962).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE SUBHASTA DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2351, 2355/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de contratación, do 5.12.08, conformado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 11 de novembro de 2008, acordou allear a Desguaces Mingos, S.L. dous lotes de vehículos para chatarra por uns prezos de 4.700 euros por 92 vehículos e 4.100 euros por 76. Este último lote estaba valorado pola oficina de Seguridade en 12.952,52 euros.

Tanto Desguaces Mingos, S.L. como a oficina de Seguridade remiten escritos indicando que un dos vehículos non estaba incluído na relación, o PO-5012-C, marca Pegaso, modelo 360 L, e que tiña asignado un prezo de 901,52 euros. Polo tanto procedería adoptar un novo acordo pola Xunta de Goberno Local excluindo este vehículo, e axustando o prezo do lote debido a esta continxencia de maneira proporcional.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Rectifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11 de novembro de 2008, de adxudicación de dous lotes de vehículos para chatarra, quedando redactado do seguinte xeito:

Allear a Desguaces Mingos, S.L. o lote de 92 vehículos relacionados no expediente 2351-241 por un prezo de 4.700 euros, e o lote de 75 vehículos relacionados no expediente 2355-241 (unha vez excluído o PO-5012-C, marca Pegaso, modelo 360L) por un novo prezo de 3.815 euros. Todo iso de acordo coas condicións aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 26 de agosto e 8 de setembro de 2008.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1963).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda devolver ás seguintes fianzas, constituídas para a realización de obras, subministros e servizos que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) Devolver a a Pavimentaciones Alvarez y Feijóo. S.L. a fianza por importe de 2.359,60 € constituída para responder das obras de reparacións de humidades en locais da Rúa Laxa, que foron recibidas mediante acta de 6.02.07. Expte. 796/443.
- b) Devolver a Pettra S.L. a fianza por importe de 1.202,02 € constituída para responder da redacción do proxecto de humanización do barrio do Calvario. Expte. 813/443.
- c) Devolver a MDC Inteniería S.L. a fianza por importe de 1.100 € constituída para responder da dotación de mandos a distancia para os vehículos PO-1089-BF e PO-2330-AG. Expte. 2536/241.
- d) Devolver a COVAS a fianza por importe de 1.143,36 € constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa Coutadas, que foron recibidas mediante acta de 26.03.07. Expte. 792/443.

e) Devolver a Movex Vial S.L. a fianza por importe de 1.187,68 € constituída para responder da remodelación da zona das ostras, fase 2, rúa Pescadería, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28.02.07.Expte. 802/443.

f) Devolver a UTE Zona das Ostras:

- A fianza por importe de 3.903,49 € constituída para responder da remodelación da zona das Ostras, fase 2, rúa Pescadería, xa que foron recibidas mediante acta de 28.02.07. Expte.801/443.
- A fianza por importe de 11.760 € constituída para responder das obras de remodelación da zona das obras, fase 2, xa que foron recibidas mediante acta de 28.02.07. Expte. 800/443.

h) Devolver a Galaicontrol S.L. (expte. 56648/250):

- A fianza por importe de 1.030,69 € constituída para responder da Asistencia Técnica de Seg.e saúde das obras de saneamento promovidas polo Concello de Vigo.
- A fianza por importe de 928,88 € constituída para responder da Asistencia técnica para o control de calidade das obras de saneamento de Zamáns.
- A fianza por importe de 1.194 € constituída para responder da Asistencia técnica para C. E seguimento de proxectos executadas por brigadas de emprego e programas de colocación coa Excma. Deputación Provincial.
- A fianza por importe de 1.196,00 € constituída para responder da contratación da coordinación dos plans de seguridade e saúde das obras dos proxectos do Plan Parroquias.
- A fianza por importe de 1.192,00 € constituída para responder da redacción do Proxecto de humanización do vial de acceso á Universidade-Barxa.

25(1964).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS PARA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33686/212.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Comercial Automoto S.A. O lote 1 (Furgón de atestados) e 2 (vehículo patrulla e escolta) do procedemento aberto para a contratación da subministración de vehículos para a Policía Local. (Expte 33686-212) sendo as características da subministración as seguintes:

Lote 1 : vehículo Citroën Jumpy HDI combi mixto L por un prezo de 36.495 euros , un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 60 días ofertando ademáis as seguintes melloras:

- Sistema AFU, sistema de axuda no freo que multiplica por 27 os valores de freada.
- Volante regulable en altura e lonxitudinalmente.
- Freos de disco nas catro rodas.

Lote 2 : dous turismos Citroën C4 Picasso 1.6 HDI 110 FAD por un prezo total de 46.678 euros , un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 60 días ofertando ademáis as seguintes melloras:

- Maiores dimensións (largo 4,47, ancho 1,83 e alto 1,68)
- Airbag de xeonllo
- Freo de man Automático-eléctrico
- Maiores dimensións no parabrisas

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-10-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obtera de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

26(1965).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SUBMINISTRO DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33664/212.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Mopavi, S.L.U.. a subministración de motocicletas para a Policía Local (Expte 33664-212), 6 unidades do modelo Aprilia Ctlantic 250 por un prezo total de 33.498,48 euros, un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 30 días ofertando ademáis as seguintes melloras:

- Cambio automático (variador)
- Frenada integral

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obtera de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

27(1966).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA LACEIRO. EXPTE. 5756/306.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Comercial Automoto, S.A. a subministración dun vehículo para o laceiro municipal (expte 5756-306) Citroen Jumper HDI 90 CV por un prezo total de 26.500 euros, un prazo de garantía de dous anos, ofertando ademáis as seguintes melloras:

- ABS + AFU (asistente a freada de urxencia)
- Airbag Conductor.
- Peche centralizado con mando a distancia.
- Elevalunas eléctricos.
- Volante regulable en altura e profundidade
- Asento do conductor con reglaxe lonxitudinal e inclinación

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

28(1967).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ADQUISICIÓN MÁQUINA MINIPALA. EXPTE. 5649/445.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a MDC Ingeniería a subministración de dunha máquina minipala (expte 5649-445) Bobcat S330 por un prezo total de 86.519,76 euros, un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 40 días . Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

29(1968).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA ADQUISICIÓN DE MÁQUINA PARA MOVEMENTO DE PALETS. EXPTE. 5650/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 10.12.08, conformada polo xefe do Servizo de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Baygar, S.L. a subministración de unha máquina para movemento de palets.(Expte 5650-445) máquina AUSA C300 Hx4 por un prezo total de 42.224 euros, un prazo de garantía de dous anos e un prazo de entrega de 15 días . Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

30(1969).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.696,02 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 33759/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.10.08, dáse conta do informe-proposta do xefe da Policía Local, conformado polo delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

O 5 de setembro de 2008 a mercantil TAELO, S. COOP. presenta a través do Rexistro Xeral a factura N.º TR80117/08, por importe de 16.696,02 € (IVE engadido) e polo concepto de “infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondentes aos meses de xuño, xullo e agosto de 2008”.

O día 10 do mesmo mes, o concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento de indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xuño, xullo e agosto de 2008, e por importe de 16.696,02 € (IVE engadido) segundo factura N.º TR80117/08”.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrución N.º 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

O día 12 do mesmo mes, o Asesor Xurídico da Policía local á vista dos antecedentes obrantes emite informe favorable á tramitación do expediente sempre que exista crédito adecuado e suficiente dentro do nivel de vinculación xurídica do gasto proposto, facendo non obstante advertencia da necesidade de incorporar unha declaración responsable do representante legal da mercantil sobre resarcimento de deuda. Asimesmo, fae advertencia da necesidade de informe preceptivo e previo da Intervención Xeral, indicando finalmente que a competencia para aprobar a proposta corresponde á Xunta de Goberno Local.

A declaración responsable sobre resarcimento de deuda incorpórase ao expediente con data de 16 de setembro de 2008.

Na partida 2222.209.0000 existe crédito adecuado e suficiente.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

Recoñecer a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 16.696,02 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xuño, xullo e agosto de 2008 segundo factura N°. TR80117/08, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1970).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POLA LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS- 4º TRIMESTRE 2007 E 1º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18201/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral do, 3.07.08 e do 1.12.08, e os informes da técnica de Recursos Humanos, do 24.06.08 e do 15.10.08, conformados pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: “Aboar en concepto de complemento de produtividade pola realización da limpeza especial das fontes públicas ornamentais, no 4º trimestre de 2007 aos seguintes traballadores as cantidades seguintes:

- D. Juan Davila Pérez, (oficial electricista) núm. persoal 14491 : 300 €
- D. Francisco Oterino Fernández (oficial electricista) núm. persoal 10725: 180 €
- D. Francisco J. Bea Puentes (axudante de oficios), nº de persoal 79136: 32 €

SEGUNDO: Aprobar a asignación dun complemento de produtividade para o ano 2008, aos funcionarios que participan no operativo para a limpeza das fontes públicas ornamentais do concello de Vigo polos importes mensuais de 102 € no caso de D Juan Davila Perez e 61.2 € no caso de D Francisco Outerino Fernandez e D Francisco J. Bea Puentes, cantidade resultante da aplicación dos incrementos legais previstos nas lei de orzamentos do Estado para o ano 2008, que se aboaran trimestralmente, previo informe do xefe do servizo acreditativo de que realizaron as funcións obxecto desta produtividade, así como o aboamento das cantidades correspondentes ao 1º trimestre do ano 2008:

- D. Juan Davila Pérez, núm. persoal 14491: 300 €/mes.
- D. Francisco Oterino Fernández, núm. persoal 10725: 180 €/mes
- D. Francisco J. Bea Puentes, nº de persoal 79136: 0 €/mes.

32(1971).- XUBILACIÓN ANTICIPADA E VOLUNTARIA DE D. EUGENIO GONZÁLEZ DIZ E D. ENRIQUE FONTÁN ALVAREZ E INDEMNIZACIÓN ESTABLECIDA EN CONVENIO REGULADOR. EXPTE. 18634/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado do Servizo de Recursos Humanos, do 5.12.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Acordar, ao amparo do artº 67.2 do Capítulo II da Lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP, do artº3.Dous e Tres da Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social e do Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos BOMBEIROS ao servizo das administracións e organismo públicos, a XUBILACIÓN ANTICIPADA e VOLUNTARIA dos funcionarios de carreira, D.EUGENIO GONZÁLEZ DIZ (Nº Persoal 6630) e D.ENRIQUE FONTAN ALVAREZ (Nº Persoal 6669), coa categoría profesional de BOMBEIROS do Servizo de Extinción de Incendios, con efectos desde o día 30 de setembro do 2008.

2º.- Dispor o aboamento a D.EUGENIO GONZÁLEZ DIZ (Nº6630) e D.ENRIQUE FONTAN ALVAREZ (Nº6669) da cantidade de sete mil douscentos doce euros (3.606-€ a cada un), en concepto de indemnización por Xubilacións Anticipadas, en execución do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores-as ao servizo do Concello de Vigo.

33(1972).- XUBILACIÓNS DE PERSOAL MUNICIPAL- ANO 2008. EXPTE. 18639/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado do Servizo de Recursos Humanos, do 10.12.08, conformado pola xefa de réxime interior, a Xunta de Goberno local acorda:

De conformidade coa Disposición Transitoria Novena de la Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Lei da Función Pública, e artº 67 del CAPÍTULO II, TÍTULO IV da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público, procede informar favorablemente as XUBILACIONES dos funcionarios que de seguido se relacionan durante o ano 2008:

NOME E APELIDOS	Nº PERS.	CATEGORÍA	DATA-CESE
2008			
1) ALONSO SÁNCHEZ, PILAR	6037	XEFA DE OFICINA-INTERVENCIÓN	04-01-2008
2) DIOS VIDAL, NEMESIO	12701	OFICIAL CONDUCTOR	21-01-2008
3) SOUSA IGLESIAS, JUAN	17621	AUXILIAR ADMINISTRATIVO-DI-REC.ING.	03-02-2008
4) VALADO GÓMEZ, MANUEL	11305	OFICIAL XARDINERO	05-02-2008
5) IRIGARAY LÓPEZ, JOSÉ	7189	AXUDANTE DE OFICIOS	14-02-2008
6) BALIÑAS FERNÁNDEZ, MANUEL	12569	POLICIA LOCAL	17-02-2008
7) ARTÍMEZ ALVAREZ, LUIS	6113	TÈCNICO SUPERIOR-INSPEC.TRIBUTOS	24-02-2008
8) EXPÓSITO GONZÁLEZ, FLORIANO	11009	OFICIAL MECANICO	25-02-2008
9) COMESAÑA ABALDE, MARÍA LUZ	7150	VIXILANTE-UNIVER.POPULAR	16-03-2008
10) TABOAS PAINCEIRA, FERNANDO	5919	OFICIAL ELECTRICISTA	20-03-2008
11) MACIAS NÚÑEZ, MANUEL	10754	BOMBEIRO	11-04-2008
12) GONZÁLEZ GUERRA, LUIS	11794	POLICIA LOCAL	27-04-2008
13) REGUEIRA DIAZ, ANTONIO	9001	POLICIA LOCAL	02-05-2008
14) GOMEZ LAMELAS, ERNESTO	13362	OFICIAL CONDUCTOR	07-05-2008
15) REY VÁZQUEZ, SERGIO	15415	AXUDANTE IMD-INVALIDEZ ABSOLUT-	28-05-2008

16) FALQUE QUIRÓS, EUGENIO	7752	INXEÑEIRO INDUSTRIAL	12-06-2008
17) VILA FIGUEIRAS, HIPÓLITO	17644	AXUDANTE DE OFICIOS-INVALIDEZ TOT	19-06-2008
18) VAZQUEZ BLANCO, JUAN	17615	ORDENZA-CONSERJERIA	24-06-2008
19) VAZQUEZ SERANTES, ENRIQUE	10205	ORDENANZA-URBANISMO	28-06-2008
20) MARTÍNEZ HERNÁN, EULOGIO	16395	INSPECTOR CONSUMO	30-06-2008
21) SOTELO RODRIGUEZ, JOSE ANTONIO	6422	SUPERINTENDENTE POLICIA LOCAL	11-07-2008
22) LAGE NIETO, JOSE RAMON	77030	POLICIA LOCAL-INVALIDEZ ABSOLUTA	02-07-2008
23) ALVAREZ PEREZ, JOSÈ MANUEL	13333	OFICIAL FONTANEIRO	26-07-2008
24) ARAUJO CONDE, FERNANDO	16171	AXUDANTE OFICIOS-XUB.VOLUNTARIA	31-07-2008
25) CAMPOS FERNANDEZ, FAUSTINO	9099	POLICIA LOCAL	21-08-2008
26) ALONSO PICHEL, FAUSTINO	12434	POLICIA LOCAL	10-09-2008
27) CABO PALLAS, JUAN ANTONIO	22591	BOMBEIRO-INVALIDEZ TOTAL	09-09-2008
28) FONTAN ALVAREZ, ENRIQUE	6669	BOMBERO-XUB.VOLUNTARIA	30-09-2008
29) GONZALEZ DIZ, EUGENIO	6630	BOMBERO-XUB.VOLUNTARIA	30-09-2008
30) LAGO GONZÁLEZ, EUGENIO	6801	OFICIAL ELECTRICISTA-XEFE EQUIPO	05-10-2008
31) ABALDE FERNANDEZ, CARLOS	8711	BOMBEIRO	20-10-2008
32) ROMAY GÓMEZ, SERGIO	12262	POLICIA LOCAL	20-10-2008
33) LÓPEZ GIL, VICTOR	11386	AXUDANTE DE OFICIOS	12-11-2008
34) PUIME CUTRIN, FERNANDO	8993	POLICIA LOCAL	09-12-2008
35) FERNÁNDEZ CAMPOS, RAMÓN	13327	AXUDANTE DE OFICIOS	31-12-2008

34(1973).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EDELNE S.L. CONSTITUÍDA POLAS OBRAS DE CANALIZACIÓN ACOMETIDA DE ABASTECIMIENTO NA RÚA COUTADAS. EXPTE. 56812/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 5.12.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por EDELNE S.L. , de data 16/10/08, en relación a fianza constituída en data 31/03/06, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de canalización para acometida de abastecemen na rúa COUTADAS, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 5 denovembro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a EDELNE .SL., constituída na data reseñada, polo importe de 112,46 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1974).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA UE IV-12 RAMÓN NIETO 6. EXPTE. 4863/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.12.08, conformado polo adxunto ó director de planeamento e xestión, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 28/07/99 deu aprobación definitiva ao Estudo de Detalle da Unidade de Actuación IV-12 RAMÓN NIETO 6.

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, mediante acordo do 29/10/99, aprobou con carácter definitivo os estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación e en data 17/02/00 acordou aprobar a escritura pública de constitución da Xunta de Compensación outorgada perante o notario de Vigo don Álvaro Moure Goyanes, con data 30/11/99 ao número 2548 do seu protocolo (expte. 4191/401).

Con data 30/06/00 o Alcalde-Presidente da Xerencia municipal de urbanismo aprobou definitivamente o proxecto de compensación da UE IV-12 RAMÓN NIETO 6.

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na súa sesión do 11/01/01 acordou aprobar definitivamente o texto refundido que incorpora as rectificacións ao proxecto de compensación da devandita unidade de actuación, solicitadas pola Xunta de compensación. Posteriormente rectificado, polo que respecta á parcela nº 12, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 10/05/04 (expte. 4166/401).

Don Julián Fernández Vázquez, con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 26/09/08, presentou solicitude (DOC. 80118852) de corrección de erro do texto refundido do proxecto de compensación da Unidade de actuación IV-12 RAMÓN NIETO 6 (expediente 4166/401).

O adxunto ao director de Planeamento e Xestión, con data 9/10/08, emitiu o seguinte informe:

“Á vista do contido do escrito presentado, DOC nº 80118852, e consultada a documentación do proxecto de compensación da UE IV-12 Ramón Nieto 6, expediente 4166/401, o técnico que subscribe informa:

O proxecto de compensación da UE, dispón de aprobación definitiva de data 30 de xuño de 2000. Con posterioridade, en concreto o 28 de setembro de 2000, a xunta de compensación solicitou unha modificación e aclaración á aprobación definitiva. A resultas da nova documentación, aprobouse un texto refundido con data 11 de xaneiro de 2001. Con data 10 de maio de 2004 a Xunta de Goberno Local aprobou unha corrección de erro na parcela adxudicada nº 12.

Con data 26 de setembro de 2008, foi presentado un escrito por D. Julián Fernández Vázquez no que se mencionan erros nas descrições dos lindeiros das parcelas resultantes 0.a) e 0.b) do texto refundido do proxecto de compensación. Examinada a documentación do mesmo, tanto memorias como planos, o técnico que subscribe informa:

1.- Que na descripción da parcela adxudicada 0.a), que provén da parcela primitiva 2.B, figura como lindeiro norte a finca nº 11, cando debe dicir “finca 0.b)”. Que no lindeiro sur figura como colindante a parcela 0.b) cando debe dicir “vial”, hoxe denominado Ernesto Lecuona. O resto dos lindeiros manteñen a descripción do proxecto de compensación.

2.- Que na descripción da parcela adxudicada 0.b), que provén da parcela primitiva 2.C, figura como lindeiro norte a finca 0.a), cando debe dicir “acceso a finca nº 11)”. Que no lindeiro sur figura como lindeiro un sistema local resultante do proxecto de compensación cando debe dicir “con finca 0.a)”. O resto dos lindeiros manteñen a descripción do proxecto de compensación.

Esta nova documentación non altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos e edificabilidades da U.E. xa que soamente trata de corrixir erros na descripción das parcelas adxudicadas.

Á vista do exposto, deberá informar ó respecto o técnico da admón xeral.”

Con data 3/12/08 o adxunto ao director de Planeamento e Xestión informa que figura como adxudicataria da propiedade, respecto da parcela 0.a), dona Carolina Vázquez Martínez, cando debe dicir dona Marina Vázquez Martínez e, respecto da parcela 0.b) dona Marina Vázquez Martínez, cando debe dicir dona Carolina Vázquez Martínez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- *Operación xurídica complementaria:*

A operación xurídica complementarias segundo definición de Tomás Ivorra Ardite (“Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Registros y del Notariado”, Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006), é aquél acto administrativo de carácter urbanístico que altera de xeito non substancial e perfecciona o instrumento de reparcelación orixinario, sen contradecir nin opoñerse ao mesmo nin ao plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación.

O artigo 174 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU), reza o seguinte: “(...) Las operaciones jurídicas complementarias que sean del caso, que no se opongan al proyecto de compensación ni al plan que se ejecute, una vez aprobadas por el órgano urbanístico, se formalizarán por la Junta de Compensación en escritura pública o en documento extendido por el órgano urbanístico actuante, con los requisitos y solemnidades propios de las actas de sus acuerdos, que se protocolizarán notarialmente. En ambos casos se procederá a su inscripción en el Registro de la Propiedad (...)”.

A proposta de rectificación que se propón, segundo o informe técnico, ven derivada dunha incorrecta descrición na titularidade e nos lindeiros norte e sur das parcelas 0.a) e 0.b) do proxecto de compensación. A rectificación que se propón non afecta á participación dos titulares das fincas aportadas nin á cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes, nin altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos do ámbito.

- *Procedemento de aprobación da operación xurídica complementaria:*

As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deberán ser aprobadas polo órgano urbanístico actuante, con previa aprobación da Xunta de Compensación.

Porén, segundo os datos que constan nestas dependencias municipais, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na súa sesión do 17/07/03, acordou aprobar definitivamente o proxecto de estatutos para a constitución, por transformación da Xunta de compensación, e funcionamento da entidade urbanística colaboradora de conservación da unidade de actuación IV-12 RAMÓN NIETO 6, co texto recollido no BOP de Pontevedra nº 23 de 4/02/03 (expte. 4349/401). E, con data 10/10/05, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co acordo adoptado o 27/05/05 pola Xunta de Compensación da UE IV-12 RAMÓN NIETO 6, aprobou a constitución da entidade de conservación da citada unidade de actuación, da que forman parte todos os propietarios da mesma, (artigo 9 dos estatutos), requirindo aos presidentes das comunidades de propietarios para a designación dos membros da xunta directiva, para a posterior inscrición no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

- *Competencia:*

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

Xa que logo e, de conformidade cos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente expostos, formúlase a seguinte proposta de ACORDO

PRIMEIRO: Realizar a operación xurídica complementaria do texto refundido do proxecto de compensación da UE IV-12 RAMÓN NIETO 6, aprobado mediante acordo do Consello da Xerencia de data 11/01/01 e posteriormente rectificad polo que respecta á parcela nº 12, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 10/05/04 (expte. 4166/401), no sentido de reflexar a descrición correcta das parcelas 0.a) e 0.b), co seguinte tenor literal:

“FINCA NÚM. 0.a) excluída do ámbito de xestión da Unidade de Actuación IV, Ramón Nieto 6,

Límites:

- Norte, con superficie da finca núm. 0.b)
- Sur, con vial (hoxe denominado Ernesto Lecuona)
- Este, en parte con zona verde de cesión e a continuación con sólido núm. 6 resultante do proxecto de compensación
- Oeste, Rúa Baixada o Capitán

Superficie total da finca núm. 0.a): 330 m2.

Propiedade de dona Marina Vázquez Martínez.”

“FINCA NÚM. 0.b) excluída do ámbito de xestión da Unidade de Actuación IV, Ramón Nieto 6,

Límites:

- Norte, acceso a finca núm. 11
- Sur, con finca 0.a)
- Este, en parte con zona verde de cesión e a continuación con sólido núm. 6 resultante do proxecto de compensación
- Oeste, Rúa Baixada o Capitán

Superficie total da finca núm. 0.b): 272 m2.

Propiedade de dona Carolina Vázquez Martínez.”

SEGUNDO: Comunicar as interesados no expediente que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1975).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI UA 3 CASÁS- SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 4838/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.12.08, conformado polo director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 26/11/01 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación 3 CASÁS (expte. 5195/411, BOP nº 29, do 11/02/02).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 3/10/05, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do PERI DA UA-3 CASÁS (San Andrés de Comesaña), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado nos días 13/09/04, 9/12/04 e 12/12/04 (expte. 4546/401).

A entidade mercantil AREALOURA, SA, presentou solicitude (DOC. 80096618), con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 1/08/08, de recepción definitiva das obras de urbanización do PERI UA-3 CASAS, en San Andrés de Comesaña .

Constan no expediente os seguintes informes:

Montes, parques e xardíns do 16/09/08.

“Gas Galicia” do 19/08/08.

“Unión Fenosa, S.A.” do 22/08/08.

“Aqualia gestión integral del agua, S.A.” do 19/09/08.

Servizo de electro-mecánicos do 3/10/08.

“R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.” do 30/10/08.

Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras do 3/11/08.

A oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras propón en data 3/11/08 a recepción definitiva das obras de urbanización aludidas.

O adxunto ao director dos servizos técnicos informa o 28/11/08 o seguinte: "(...) Tras diversas reparaciones puntuales demandas por los servicios técnicos municipales, las obras han alcanzado el grado de adecuación a las descritas en el documento que las define, suficiente para poder ser recibidas.

Obran en el expediente, los informes favorables de las distintas compañías de los diferentes servicios urbanísticos, así como de los departamentos municipales a los que se les requirió.

Desde el punto de vista del planeamiento urbanístico, no existe inconveniente en acceder a lo solicitado”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos:

O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (transitoriamente vixente en virtude da disposición transitoria primeira da Lei 30/07 de 30 de outubro, de contratos do Sector Público) preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)".

II. Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos:

Consonte aos informes da oficina de supervisión e inspección de obras e ao do adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

III. Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación:

De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra

executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación.

IV. Innecesariedade da adopción do presente acordo:

As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a LOUGA, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlex. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme ao proxecto aprobado.

V. Órgano competente para a resolución do expediente:

É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade cos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente expostos, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Acordar a recepción definitiva das obras de urbanización do PERI UA-3 CASÁS, en San Andrés de Comesaña, de conformidade cos informes da enxeñeira técnica de obras públicas da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras do 3/11/08 e do adxunto ao director dos servizos técnicos do 28/11/08 (expte 4838/401).

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo aos interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición perante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo aos departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(1976).- SEGUNDA RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4870/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.12.08, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23/05/05, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do PERI II-05 ROCIO, presentado por don José Luis Rodríguez Bello, en nome e representación da Xunta de Compensación, e redactado polo arquitecto don Alberto Cominges Molíns e o enxeñeiro de camiños, canais e portos don Julio Roberes Cominges, con datas de visado colexial do 26 de febreiro e 17 de decembro de 2004 (expte. 4487/401).

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23/07/08, acordou (expte. 4827/401) unha primeira recepción parcial das obras de urbanización do PERI II-05 ROCIO, nos termos e condicións previstos no informe técnico do adxunto ao director dos servizos técnicos de data 14/07/08 e no informe xurídico do técnico de administración xeral do Servizo de Xestión de data 18/07/08.

A Xunta de Compensación do PERI II-05 ROCIO, presentou solicitude (DOC. 80134406), con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 27/10/08, para a recepción parcial do resto do ámbito no que a r/Tomás Paredes divide esta actuación urbanística.

O adxunto ao director dos servizos técnicos informa con data 28/11/08 que "(...) Esta segunda recepción parcial, sumada a la que se otorgó por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en sesión del 23/07/08 (Exp – 4827/401), supone la terminación de uno de los dos ámbitos en los que la calle Tomás Paredes divide esta actuación urbanística, y en el cual se encuentra la parcela dotacional.

Desde el punto de vista urbanístico no hay inconveniente en acceder a lo solicitado".

No expediente constan os seguintes informes:

- Gas Galicia do 14/11/08.
- Montes, Parques e Xardíns do 18/11/08.
- Servizo Electro-Mecánicos do 18/11/08.
- Telefónica de España do 18/11/08.
- Unión Fenosa do 20/11/08.
- Aqualia do 21/11/08.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras do 24/11/08.

A oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras propón en data 24/11/08 a segunda recepción parcial das obras de urbanización aludidas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos:

O art. 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que a recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas.

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (de aplicación no presente caso en virtude da disposición transitoria primeira da Lei 30/2007, de 30 de xuño, de Contratos do Sector Público, preceptúa que: (...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...).

II. Recepción parcial de obras de urbanización incluídas en polígonos:

O art. 123.2 da LOUGA obriga a executar o planeamento por polígonos completos. Polo tanto, como norma xeral, a recepción das obras de urbanización nas actuacións sistemáticas debe referirse ao polígono completo, unha vez rematadas na súa totalidade.

O Regulamento de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, prevé a posibilidade de recepción parcial de obras públicas sempre que as mesmas sexan susceptibles de ser entregadas ao uso público de conformidade co artigo 147.5 do Real Decreto legislativo 2/2000. Este precepto entende posible a recepción parcial de aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato administrativo.

Dentro do eido urbanístico o art. 180.2 do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) prevé a posibilidade dunha recepción parcial cando a área xa urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable e se teña producido respecto da mesma a recepción definitiva por parte da Xunta de Compensación.

O regulamento de planeamento aprobado por Real decreto 2159/78, de 23 de xuño, (RPU) dentro das determinacións dos plans parciais, dispón no seu artigo 45 a previsión de establecer un plan de etapas para a execución das obras de urbanización ou/e edificación. Neste plan de etapas debería xustificarse a coherencia coas restantes determinacións do Plan, o desenvolvemento no tempo da edificación prevista e as súas dotacións e dos elementos que componen as redes de servizos (artigo 54.1 do RPU). En cada etapa debería preverse o seguinte: duración, obras de urbanización correspondentes, posta en servizo de reservas de solo correspondentes a equipamentos, determinación de niveis de servizos de abastecemento de auga, evacuación e subministro de enerxía eléctrica para que poidan ser utilizados os terreos que se urbanicen sucesivamente.

Segundo informa o adxunto ao director dos servizos técnicos a obra a recibir supón a terminación dun dos ámbitos nos que a rúa Tomás Paredes divide a actuación urbanística do PERI II-05 ROCIO, susceptible de ser entregada ao uso público, non pronunciándose sobre se se trata dunha unidade funcional directamente utilizable por ter un nivel suficiente de reserva de terreos para destinalos a equipamento. No en tanto, dispón de todos os servizos urbanísticos esixibles.

III. Posibilidade legal da execución simultánea da edificación e a urbanización:

Alterando a orde lóxica da execución do planeamento, o Regulamento de xestión urbanística permite a execución simultánea da edificación e a urbanización. Esta posibilidade regulamentaria queda matizada no previsto no artigo 41.2 do RXU que impide o outorgamento da autorización da ocupación dos edificios ata que non sexa realizada totalmente a urbanización que afecte a ditos edificios e estean en condicións de funcionamento os servizos de subministros de auga, enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros. Na tramitación de plans parciais e proxectos de urbanización débese prever a posibilidade de executar a urbanización por fases, acreditando as circunstancias previstas nos puntos anteriores.

Xa que logo, e consonte cos antecedentes anteriormente expostos, dende o punto de vista xurídico cómpre informar o seguinte:

- Non existe precepto legal que permita a recepción parcial da urbanización salvo que a mesma estea prevista no documento do planeamento de desenvolvemento.

Do informe do adxunto ao director dos servizos técnicos dedúcese que non existe determinación algunha no documento do plan especial nin do propio proxecto de urbanización ao respecto.

- A recepción da urbanización deberá de permitir aos futuros moradores disfrutar dun nivel suficiente de reserva de terreos para equipamento, un axeitado nivel de servizo de abastecemento de auga, evacuación e subministro de enerxía eléctrica, etc. A existencia de tal nivel de equipamento e servizos significaría que se trata dunha unidade funcional directamente utilizable.

Nos informes técnicos constátase que existe tal nivel de equipamento e servizos.

- A recepción das obras de urbanización dun polígono ou de calquera obra pública é unha decisión puramente técnica. Como quedou posto de manifesto en anteriores informes, as normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Unicamente se esixe o levantamento dun acta asinada polo funcionario

técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 218 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme co proxecto aprobado.

- No caso de que o órgano competente aprecie a necesidade de recibir parcialmente a urbanización, necesariamente deberá estar condicionada ao cumprimento dos seguintes extremos:

* A presente recepción parcial non habilitará a disolución da Xunta de compensación do PERI II-05 ROCIO.

* O presente acordo non é título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos costes derivados da urbanización.

* Esta recepción non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización.

* Tampouco será título para a devolución dos avais presentados. Con ocasión da recepción total, se comprobará de novo o estado da parte que se propón para a súa recepción. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, requirirase a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir, seguirá sendo responsable a Xunta de compensación.

IV. Órgano competente para a tramitación do expediente:

É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En conclusión, dadas as observacións realizadas no presente informe dende o punto de vista unicamente xurídico, e de acordo co establecido no artigo 172 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, de aprobación do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a proposta de segunda recepción parcial das obras de urbanización do PERI II-05 ROCIO é realizada polo propio director adxunto dos servizos técnicos.

Con data 5.12.08, o director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, formula a seguinte proposta:

Recíbense parcialmente as obras de urbanización do PERI II-05 ROCIO nos termos e condicións previstas nos informes técnicos e xurídicos emitidos no expediente nº 4870/401.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda recibir parcialmente as obras de urbanización do PERI II-05 ROCIO nos termos e condicións previstas nos informes técnicos e xurídicos emitidos no expediente nº 4870/401.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(1977).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO “SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DE ESPAZOS MUNICIPAIS” NO MARCO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O ANO 2007. EXPTE. 5548/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.12.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A orde do 19 de decembro de 2007 da Consellaría de Traballo pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2007, da Consellaría de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 12º os requisitos e criterios para a preselección do persoal traballador para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego, da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.

Na mencionada Orde se establece na disposición transitoria cuarta a posibilidade presentar proxectos para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e tendo en conta esta posibilidade, e a solicitude do servizo de Participación Cidadá, redactor do proxecto se propón a contratación de 24 mulleres para realizar servizos de apoio á xestión en tarefas que non precisan de unha especialización determinada por parte das traballadoras, xa que o servizo de Participación Cidadá e colaboración co de Emprego, permitirá impartir formación cara a adquisición das habilidades necesarias para o desenvolvemento do proxecto.

Esta proxecto permitirá incrementar os horarios de acceso aos locais dependentes da concellería como son os Centros Cívicos Municipais de Casco Vello, Teis, Coruxo e Saians, os Centros de apoio ao emprego do CTIC, CERA e Empece, así como dos Centros Municipais de Internet xestionados en colaboración coas asociacións veciñais, prestar apoio aos cidadáns na uso de internet como apoiói a busca de información e xestión municipal e, por último realizar unha enquisa de calidade dos servizos de atención a cidadanía.

A contratación destas persoas será por 12 meses, tendo previsto o inicio do proxecto o 30/12/2008, rematando o 29/12/2009, coas categorías profesionais e os custes seguintes:

Categoría profesional	Salario mes	Prorrateo paga extra	Importe bruto mes (12 pagas)	Base de cotización	CNAE / Cód. ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custo total estimado	Per-soas	Total
Oficial administrativo/a	1091,43	181,91	1273,34	1273,34	a	32,1	408,74	1682,08	2	40.369,92 €
Peóns (conserxe)	679,16	113,19	792,35	792,35	a	32,1	254,34	1046,69	22	276.326,16 €
								TOTAL		316.696,08 €

Vista a documentación que obra no expediente, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Servizos de apoio a xestión de espazos municipais”, no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2007.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula a orde do 19 de decembro de 2007 pola que se convocan axudas e subvencións destinadas ao fomento do emprego a través de programas de cooperación.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(1978).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON “EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA. EXPTE. 38137/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.12.08 e o informe de fiscalización do 12.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 24.11.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio coa entidade Emaús, Fundación Social, de Vigo para o desenvolvemento dun programa de transición á vida autónoma.

2º.- Aprobar o gasto de 120.000€, distribuídos do seguinte xeito:

Para o ano 2008:

- Con cargo á partida 3130. 2270602 ou a súa bolsa de vinculación, “Convenios de exclusión”, do orzamento de 2008 de Benestar Social, 51.600€.

Para o ano 2009:

- Con cargo á partida 3130. 2260808 “Programa pisos acollida” do orzamento de 2009 de Benestar Social, 68.400€.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA.

Vigo, de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Xosé Méndez Piñeiro, dni. 35252900H, actuando en representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte, D^a María Juncal Blanco Granado, dni. 43525671B, en calidade de responsable territorial e apoderada de Emaús Fundación Social, G20486825, con domicilio na rúa San Francisco, 59 - CP. 36202 Vigo.

Ámbalas dúas partes na representación que ostentan, formalizan o seguinte convenio e, ao efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- Que segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Segundo.- Que a Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, establece como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria.

No Decreto 240/1995, do 28 de xullo polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, especifícanse como obxectivos prioritarios deste nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación xeral e, de forma especial, a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxidados e excluídos da sociedade.

Para conseguir a súa finalidade, os servizos sociais de atención primaria desenvolverán equipamentos, ademais de prestacións e proxectos sociais, que poden adoptar tanto un carácter polivalente e aberto á comunidade, como complementariamente, un carácter sectorial e centrado en grupos con problemáticas específicas tendo neste caso a consideración de equipamentos de atención primaria na correspondente área de actuación.

Este decreto considera como equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria, entre outros, os centros de día, albergues e os centros de acollida orientados a proporcionar atención, aloxamento e cobertura das necesidades básicas das persoas que, por diferentes circunstancias, se atopan en situación de marxinación e precisan de programas orientados á normalización que eviten unha deterioración persoal progresiva.

Terceiro.- Que o Concello de Vigo considera urxente a posta en marcha dun programa municipal de transición á vida autónoma e ofertar ás persoas que contan con capacidade e posibilidades de inserción e normalización e que precisan dun seguimento continuado orientado a mellorar as súas condicións de vida, potenciar a súa autonomía e previr a súa exclusión, unha estrutura que permita consolidar os avances realizados e culminar os mesmos alcanzando os maiores niveis de autonomía e integración alcanzables en cada caso así como prevendo retrocesos que poidan poñer en perigo os avances alcanzados.

Cuarto.- Que o Concello de Vigo solicitou do Instituto Galego de Vivenda e Solo a autorización de ocupación temporal de dúas vivendas de promoción pública, por un período de dous anos, para destinalas a aloxamento alternativo e temporal de persoas en situación de emerxencia social. Na citada solicitude plantéxase a xestión dos pisos de forma directa desde o Concello ou ben a través de convenios de colaboración con colectivos ou ONGs que traballen as necesidades específicas destas persoas en situación de risco.

O día 27 de maio de 2008 a Presidenta do IGVS resolveu autorizar a citada ocupación temporal.

Quinto.- Que o Concello de Vigo logo de varias reunións con colectivos e ONGs que traballan na rúa coa xente en risco de exclusión, solicitou propostas de programas para a transición á vida autónoma de persoas non drogodependentes.

A proposta presentada por Emaús Fundación Social resulta moi vantaxosa para o Concello tanto polos medios que poñen a nosa disposición, como pola experiencia nestes programas xa desenvolvidos noutras cidades.

Sexto.- O programa obxecto deste convenio, no que se refire ós recursos materiais e humanos, obxectivos asistenciais, metodoloxía e orzamento xeral, recóllense no ANEXO I.

Sétimo.- Que a Administración pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, para unha xestión común de determinadas actividades. A Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, establece entre as competencias dos concellos a colaboración no fomento dos servizos sociais de carácter local prestados pola entidades de iniciativa social, especialmente os que substitúen ou atenden as necesidades non cubertas pola propia Administración.

Oitavo.- Que, polas características específicas do traballo a levar a cabo, ambas partes consideran de interese mutuo o establecemento dun convenio de cooperación para o desenvolvemento do PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA descrito no ANEXO I, segundo as seguintes

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA.-

O obxecto do convenio é establecer os criterios de colaboración entre as partes para a realización dun programa para promover a plena inclusión das persoas en situación ou risco de exclusión social do municipio de Vigo mediante un programa de acompañamento e transición á vida autónoma que posibilite a adquisición de maiores niveis de autonomía persoal, independencia, acceso a un status normalizado e participación activa no seo da sociedade.

SEGUNDA.-

O destinatario do programa é a poboación en situación de emerxencia social do concello de Vigo.

TERCEIRA.-

O Concello de Vigo aportará para a finalidade indicada, un total de 120.000€, distribuídos do seguinte xeito:

O 43% do importe total, é dicir, 51.600€ trala sinatura do presente convenio, con cargo á partida 3130.227.06.02 do vixente orzamento, ou a súa bolsa de vinculación.

O 57% do importe total, é dicir, 68.400€ no ano 2009, con cargo á partida 3130.226.08.08 –Programa pisos acollida-.

CUARTA.-

- Por parte do Concello de Vigo proporcionarase:
 - Dúas vivendas para o desenvolvemento do programa de transición á vida autónoma.
- Por parte de Emaús Fundación Social, adquirese a obriga de:
 - a) Contar co persoal técnico segundo táboa de Anexo I, para a execución da actividade asistencial.
 - b) Asumir a xestión xeral do programa baixo a dirección da Concellería de Benestar Social.
 - c) Acadar os recursos materiais e económicos que permitan a cofinanciación total para a execución do programa.
 - d) Desenvolver a actividade obxecto do convenio, cumprindo o establecido no Anexo I.
 - e) O persoal prescrito no Anexo I necesario, estará suxeito ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello se Vigo.
 - f) Facilitar o labor de control e inspección do Concello de Vigo, para o seguimento do correcto desenvolvemento do programa.

- g) Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades do programa, así como as modificacións das condicións establecidas inicialmente.
- h) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución, que se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública.
- i) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixencias e demais documentos nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluíndo os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- k) Aportar os informes parciais e a memoria anual de actividades, segundo se establece na cláusula nona.
- l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.-

Toda actividade de información ou divulgación relativa ao programa contará coa autorización da Concelleira-Delegada de Benestar Social.

SEXTA.-

O prazo de vixencia do presente convenio será de una no desde a súa sinatura, podendo ser prorrogable por períodos anuais, ata un máximo de dous, previo acordo expreso entre as partes con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia, ou das prorrogas sucesivas, definido nese acto o importe da achega económica para o novo período, que como mínimo será o que resulte de aplicar o IPC a o importe, anualizado, do período anterior. En todo caso a vixencia do convenio quedará supeditada a existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias dos exercicios económicos correspondentes.

SÉTIMA.-

Os pagamentos, para o primeiro período, efectuaranse do xeito seguinte:

43% da cantidade á sinatura do convenio.

20% no mes de marzo de 2009.

20% no mes de xullo de 2009.

17 % no mes de decembro de 2009.

OITAVA.-

No caso de prorrogas, os pagamentos efectuaranse do mesmo xeito nos anos sucesivos, sempre que o permitan as bases de execución do orzamento.

NOVENA.-

Os aboamentos parciais, agás o primeiro pago, formalizaranse contra a presentación, no Rexistro Xeral do Concello, con destino á Concellería de Benestar Social-Xefatura de Área, do balance de ingresos e gastos a data de xustificación. Ao mesmo tempo presentarase informe da actividade realizada.

Para valorar as posibles prorrogas do convenio, presentarase unha memoria resumen das actividades realizadas e informe de conformidade do técnico designado pola Concellería de Benestar Social, co visto e prace da Xefatura de Área.

DÉCIMA.-

Comisión de Seguimento. Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por tres persoas designadas pola Concelleira-Delegada de Benestar Social e tres representantes de Emaús Fundación Social.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando excluído de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos da Administración pública ao abeiro do disposto no artigo 40, d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dificultades ou lagoas que puidesen presentarse.

DÉCIMO SEGUNDA.-

O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser Emaús Fundación Social a que non cumprira o acordo, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

DÉCIMO TERCEIRA.-

Como norma final, será o Concello o que teña a capacidade de decisión final no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar e data antes mencionadas.

40(1979).- AMPLIACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO DE EMERXENCIAS 2008. EXPTE. 38441/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 12.12.08, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de dita Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, con data 18 de febreiro de 2008 aprobou o marco de actuación do programa de prestacións individuais municipais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencias para o ano 2008.

A cláusula quinta do convenio especifica que si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes.

Mediante modificación de crédito vía xeración, incrementouse a dotación da partida 3130 4800000 en 27.624,50 euros, dos que están dispoñibles a data de hoxe 23.244,13 euros.

En base ao anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 23.244,13 euros con cargo a partida 3130 4800000 para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia.

SEGUNDO: Aprobar a realización de libramento a xustificar ata o importe máximo indicado no apartado primeiro: 23.244,13 euros, a favor da funcionaria do departamento de Benestar Social, María José Quintela Rodríguez, NIF 35.995.956J, para facer os referidos gastos. A cantidade solicitada transferirase á conta habilitada de Benestar Social: 2080 0000 74 0040242619.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1980).- AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE CESIÓN EN USO DUN ESPAZO NO EDIFICIO MUNICIPAL Nº 46 DA RÚA ARENAL Á XUNTA DE GALICIA (SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES) PARA SEDE DE AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL. EXPTE. 5172/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio do 12.12.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*
- *RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).*

Antecedentes:

Primeiro.- Pola Alcaldía informouse o 6.11.2008 a intención da cesión dun espazo no edificio municipal do Areal á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, para a instalación das oficinas da devandita agrupación, a teor do solicitado pola Secretaria Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia. Dita cesión localizaríase na primeira planta do edificio.

Segundo.- Pola aparelladora municipal da OSPIO emitíuse informe o pasado 9 de decembro do 2008 sobre a localización dos espazos obxecto de cesión achegando plano de situación dos mesmos,, que ocupan unha superficie útil de 90.11 m2 (ó 0.48 % do total do edificio)da planta primeira, e distribuído en catro despachos contiguos.

Terceiro.- Polo Xefe de RRPP e Protocolo, informouse o 10.12.2008 que os mentados locais non son necesarios nin están afectos aos servizos administrativos da Alcaldía nin existe intención de volvelos a utilizar para este fin podendo dispor dos mesmos para destinalos con fin solicitado.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O Concello é propietario do edificio denominado Rectorado, sito na Rúa Arenal núm.46, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propieda-

de 3600 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída total de 2750 m² (765 m² por planta) e distribuído en baixo e 3 plantas, atopándose na actualidade sen uso unha superficie de 90.11 m² na 1ª planta, segundo resulta do informe do Xefe RRPP referido nos antecedentes.

Segundo.- A Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación y Desarrollo Regional del Norte de Portugal, constituíron unha Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP), co obxectivo de facilitar e fomentar a cooperación territorial entre seus membros e co fin exclusivo de reforzar a cohesión económica e social (cláusula II do Convenio de cooperación constitutivo do 22.09.2008) e de acordo co Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo y del Consejo, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación europea de cooperación territorial (AECT), e o RD 37/2008 de 18 de enero, sobre medidas para a aplicación efectiva de dito Regulamento nº 1082/2006 (BOE 31.01.2008).

O AECT-GNP ten a natureza de persoa xurídico-pública, constituída por entidades u organismos pertencentes a Estados membros da Unión Europea, de cooperación transfronteriza, transnacional e interregional (art. 2 RD 37/2008 de 18 de enero), prevíndose a instalación da súa sede nesta cidade de Vigo, ó que motiva a solicitude formulada o efecto pola Secretaria Xeral de Relacións Exteriores da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, e que concretase no edificio da Rúa Areal nº 46 sinalado polo Xefe de RRPP da Alcaldía.

Terceiro.- A condición de entidade de dereito público da Xunta de Galicia como da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP) posibilita, en base ós principios de cooperación e colaboración que presiden as relacións entre administracións públicas no desenvolvemento e execución das súas respectivas competencias, directamente o de xeito consorciado, unha colaboración entre ambas as dúas administracións, no marco xurídico previsto nas disposicións reguladoras do patrimonio das administracións públicas, que faga viábel a disposición dos medios necesarios para acadar os fins para o que constituíuse. (art. 6.g e art. 183 LPAAPP).

Cuarto.- A natureza demanial co que figura rexistrada no inventario de bens a propiedade municipal, na súa condición de edificio administrativo onde se atopan servizos administrativos municipais, aínda que non nos despachos da primeira planta, obxecto do presente expediente, que segundo informa o Xefe de RRPP o 10.12.2008, non están afectos os servizos administrativos da Alcaldía nin existe intención de volvelos a utilizar para este fin, require, en atención a dita cualificación a suxección do mesmo ó réxime xurídico propio dos bens integrantes do demanio público (art. 5.4 da LPAAPP).

Quinto.- Conseqüentemente, no presente caso, o uso de dito espazo pola Xunta de Galicia para sede da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP. (art. 84 LPAAPP)

Neste ámbito xurídico, establécese no art.90.1 a posibilidade do outorgamento da autorización do uso sobre bens afectos ou adscritos, a prol de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas, por un prazo de 4 anos, prorrogables por igual prazo, ou sen suxección a prazo de tratarse de fundacións ou organismos internacionais (art. 90.2 LPAP). Norma que, aínda non sendo de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas, a teor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo no non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

Por outra banda, contéplase a posibilidade do outorgamento directo destas, tanto no que atinxe as autorizacións administrativas (art.92) como no suposto das concesións demaniais (art.93.1), neste último caso, en relación co disposto no art.137.4.a) que o exceptiona do réxime xeral da concorrencia, cando o destinatario da cesión é unha entidade de dereito público, como resulta no presente caso e para adicalo a fins públicos (sede administrativa do AECT-GNP).

Sexto.- A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, e as particulares seguintes:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso dunha superficie de 90.11 m² (segundo plano anexo), no edificio municipal sito na Rúa Arenal núm.46 desta cidade, denominado Rectorado, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

A utilización axustarase no seu horario, ao xeral previsto para as demais dependencias que ubiquen no mesmo edificio administrativo.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser dedicada a sede da entidade AECT Galicia-Norte de Portugal e actividades que lle sexan propias, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos, a partir da data da súa formalización, sendo prorrogábel tacitamente por igual período, salvo denuncia expresa por calquera das partes intervinientes, comunicada cunha antelación de tres meses ao remate do prazo.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xenere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do espacio cedido.
- Os gastos de instalación e consumo propios de teléfono, servidor informático e rede propia de datos, así como os demais servizos de uso exclusivo desta, ou os xerais ó edificio na cuota de participación correspondente (0.48%).

8º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento as instalacións, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento das mesmas.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo inicial polo que se autorizou ou, no seu caso, da prórroga.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Organismo cesionario.

Coa extinción da autorización revertirán automaticamente a superficie xunto coas súas melloras e instalacións en bo estado de conservación.

Sétimo.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos administrativos municipais, os 90.11 m² de superficie útil da planta primeira (segundo plano Anexo), do edificio de propiedade municipal sito na Rúa Arenal núm.46 desta cidade, denominado Rectorado.

Segundo.- Autorizar a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Relaciones Exteriores) o seu uso como sede da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP).

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso dunha superficie de 90.11 m² (segundo plano anexo), no edificio municipal sito na Rúa Arenal núm.46 desta cidade, denominado Rectorado, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

A utilización axustarase no seu horario, ao xeral previsto para as demais dependencias que ubiquense no mesmo edificio administrativo.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada a sede da entidade Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e actividades que lle sexan propias, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos, a partir da data da súa formalización, sendo prorrogábel tacitamente por igual período, salvo denuncia expresa por calquera das partes intervinientes, comunicada cunha antelación de tres meses ao remate do prazo.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do espacio cedido.
- Os gastos de instalación e consumo propios de teléfono, servidor informático e rede propia de datos, así como os demais servizos de uso exclusivo desta, ou os xerais ó edificio na cuota de participación correspondente (0.48%).

8º.- *As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.*

9º.- *A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento as instalacións, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento das mesmas.*

10º.- *Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:*

- *Polo transcurso do prazo inicial polo que se autorizou ou, no seu caso, da prórroga.*
- *A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.*
- *A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Organismo cesionario.*

Coa extinción da autorización revertirán automaticamente a superficie xunto coas súas melloras e instalacións en bo estado de conservación.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1981).- SUBVENCIONS Á ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL, ANO 2008. EXPTE. 37887/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais e instructora do expediente, do 14.12.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar o recurso da Asociación Solidarios para el desarrollo e conceder unha subvención para a actividade “ocupa o verán” por un importe de 920 euros.

2º.- Conceder unha subvención por importe de 920 euros para a actividade “ocupa o verán” a nome da Asociación Solidarios para el desarrollo, CIF nº G80111644 que serán aboados con cargo a partida 3130 4890000 (ARC 200800045383).

3º.- Desestimar os recursos da Agrupación Deportiva Xogara e do Hogar e Clínica San Rafael, en ambos casos por non cumprir o requisito da inscrición nos Rexistros públicos correspondentes con anterioridade o remate do prazo de presentación de solicitudes, un dos requisitos que se exigen na Base Cuarta da convocatoria.

4º.-Ampliar o prazo de xustificación da subvención concedida á Asociación “solidarios para el desarrollo”, o amparo da base Décimo sexta das bases das subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para o fomento de actividades de maiores e de benestar social ano 2008, ata o 28 de febreiro de 2009.

43(1982).- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO “BENVIDO NADAL” NA PRAZA DO REI. EXPTE. 2634/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Tenencia de Alcaldía, do 5.12.08, conformado polo tenente de alcalde, que di o seguinte:

A Tenencia de Alcaldía en colaboración coa Concellería de Cultura e animación sociocultural, ten previsto organizar durante os días 18 de decembro ata o día 6 de xaneiro o evento denominado “Benvido Nadal”.

Este evento está previsto que se leve a cabo na Praza do Rei.

As datas previstas para a súa celebración serán:

Praza do Rei:18 de decembro ata o 6 de xaneiro

Para a celebración de dito evento, achégase plano coas ubicacións das distintas actividades de dinamización.

As instalacións que se requiren para dita celebración serían as seguintes que se adxuntan no documento.

- *En relación o evento xa se notificou a seguridade, Policía Local, protección civil e a electromecánicos.*

De acordo o indicado, proponho á Xunta de Goberno Local:

- 1. Autorizar a celebración “Benvido Nadal” na Praza do Rei dende o día 18 de decembro ata o 6 de xaneiro.*
- 2. Autorizar a montaxe e desmontaxe de dito evento á empresa Silsande S.L a cal asumirá todas as responsabilidades, nos días que duren as actividades(segundo o plano que se achega)*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1983).- ADQUISICIÓN DA OBRA ARTÍSTICA DE D. NELSON VILLALOBOS FERRER “ENCONTROS CUNHA PROMESA DE TRES ONDAS DO NORTE”. EXPTE. 4728/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 12.12.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Convalidar as actuacións realizadas no expediente 4728-101 confirmando a orde de iniciación do expediente do Alcalde de data 10-03-2008 e dispoñer a convalidación da mesma, competencia que lle foi delegada pola Xunta de Goberno Local en data 16.06.2008.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas técnicas obrante no expediente.
- 3.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas obrante no expediente.
- 4.- Adquirir a obra pictórica “ENCONTRO CUNHA PROMESA DE TRES ONDAS DO NORTE”, de Nelson Villalobos Ferrer por un prezo de 25.680 euros IVE incluído, polo procedemento negociado sen publicidade, e isto con cargo á partida orzamentaria 451.0.680.00.00.

45(1984).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO. EXPTE. 4891/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 3.12.08, conformado pola concelleira-delegada de Facenda e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, CIF G-36980928, unha subvención pola contía de 24.400 euros, con cargo á partida de Alcaldía 111.0.489.00.04 (Outras subvencións), ou bolsa de vinculación.

A subvención terá como destino as actividades da asociación con especial incidencia no Festival de Habaneras e Polifonía e Maratón Coral Voces Galegas.

A subvención aboaráse con cargo a presentación da oportuna xustificación por parte do beneficiario con facturas ou recibos orixinais, que serán visados polo técnico da Alcaldía, e isto cun prazo máximo de ate o 19 de decembro.

E isto ao abeiro do art. 22.2.C da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

46(1985).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 2560/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 14.12.08, conformado polo concelleiro de Contratación, pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de Animación Socio- Cultural e Festas, remítese expediente de contratación do servizo da Escola Municipal de Danza, para que se formule proposta de revisión de prezos do contrato.

A contratación do servizo da Escola Municipal de Danza foi adxudicado a D. Wenceslao cabezas del Toro, por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o 21 de agosto de 2006, fixándose o prezo contractual na cantidade de 112.791,52 euros/ano.

Na cláusula 4º) do contrato establece que o contrato terá unha duración de dous anos, iniciándose o día un de setembro de 2006, puidéndose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous.

A XGL de 29 de abril de 2008, acordou prorrogar o contrato polo período comprendido entre o 1 de setembro de 2008 ó 31 de agosto de 2009.

A posibilidade de revisión de prezos, aparece recollida na cláusula 3ª aptdo. 3.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contrataciónn (X.G.L. de 19 de xuño de 2006), que textualmente recolle o seguinte:

“A revisión de prezos terá lugar transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de propostas económicas (31 de xullo de 2006).

As seguintes revisións do contrato recollerán a variación do IPC que medie entre a data de revisión e a data da revisión inmediatamente anterior”.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 12 de novembro de 2007, acordou aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo da escola municipal de danza polo período setembro 2007/2008, fixando este na cantidade de 115.498,52 euros/ano.

A vista do exposto anteriormente, para proceder a revisión de prezos do contrato para o período setembro 2008/2009, ó prezo revisado (XGL 12/11/2007), aplicaráselle o incremento do IPC do período agosto de 2007/agosto de 2008, que segundo datos obtido do INE foi do 4,9%, desta forma obteríase o prezo revisado a partir do 1 de setembro de 2008, ascendendo éste a 121.157,95 euros/ano.

Polo exposto anteriormente PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PREVIO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo da Escola Municipal de Danza, adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 21 de agosto de 2006, fixando o prezo contractual para o período setembro 2008/2009 na cantidade de 121.157,95 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1986).- EXPEDIENTES DE PRODUCTIVIDADE DE PERSOAL.

Para a súa aprobación preséntanse propostas do concelleiro de Xestión municipal referidos aos seguintes expedientes referentes a gratificacións de persoal: 18626/220, 4346/446, 14/105, 15/105, 16/105, 2332/252, 11/105 e 12/105.

A Xunta de goberno, tendo en conta que tamén se dá conta dun escrito da Intervención Xeral no que se indica que se devolven os expedientes para a súa cumplimentación, acorda solicitar da Asesoría Xurídica do concello informe sobre os requisitos legalmente necesarios para a súa aprobación.

48(1987).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ÓS OFICIAIS CONDUCTORES DA ALCALDÍA, OUTUBRO/NOVEMBRO 2008. EXPTE. 18626/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.12.08, dáse conta do informe-proposta do xefe do técnico de Organización, do 4.12.08, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de productividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 3 de decembro de 2008, solicita se lles aboe un complemento de productividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 4 de agosto de 2008, en concreto a citada instrucción 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de productividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policias-seguridade da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por

accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requerirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,03 € hora normal e de 6,59 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.839,46 €.*
- *D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.142,37 €.*

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concurrirían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de outubro e novembro de 2008, de conformidade coa proposta do xefe do Servizo de Protocolo e RR.PP, de data 3 de decembro de 2008:

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.839,46 €.*
- *D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 1.142,37 €.*

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(1988).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.